

# **PROGRAMACIÓN 6º**

**CURSO 2022-2023**

1. Introducción e contextualización.....	3
2. Características dos nenos e nenas de 11-12 anos.....	3
3. Obxectivos xerais.....	6
4. Programacións por áreas.....	7
4.1.- Área de matemáticas.....	7
4.2.- Área de Ciencias Naturais.....	25
4.3.- Área de Lingua Galega e Área de Lingua Castelá.....	35
4.4.- Área de C. Sociais.....	58
4.5.-Área de plástica.....	71
4.6.- Área de Valores .....	79
5. Procedementos, instrumentos de avaliación e criterios de cualificación nas diferentes áreas.....	99
6. Materiais e recursos didácticos.....	102
7. Atención á diversidade.....	103
8. Accións de contribución ao proxecto lector.....	104
9. Concreción do plan das TICs.....	105
10. Accións de contribución ao proxecto lingüístico do centro.....	106
11. Accións de contribución ao plan de convivencia do centro.....	106
12. Actividades complementarias e extraescolares.....	107
13. Avaliación da programación.....	108
14. Modificacións propostas na memoria do curso anterior.....	109

## 1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

Os docentes necesitamos, como calquera outro profesional, planificar a nosa actividade. Esta planificación resulta imprescindible para cumprir tanto co estipulado pola normativa vixente como pola necesidade de adecuar o devandito marco normativo ao noso contexto docente. A nosa programación debe entenderse como un proxecto de funcionamento concreto, dirixido a uns alumnos-as concretos e a un nivel en concreto. A secuencia ordenada das unidades de programación que se vaian traballar durante o curso constituirá a base específica da programación de aula.

No marco da LOMCE Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, que modificou a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, coa finalidade de desenvolver medidas que permitan seguir avanzando cara un sistema educativo de calidade, inclusivo, que garanta a igualdade de oportunidades e faga efectiva a posibilidade de que cada alumno e alumna desenvolva ao máximo as súas potencialidades faise necesaria a devandita planificación.

Así, tomando como base o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e como mestres deste nivel da Educación Primaria nos toca realizar o Terceiro Nivel de Concreción do marco curricular, facendo unha aproximación dos obxectivos, contidos, etc... ao noso grupo de alumnos/as.

A nosa programación didáctica desenvolveuse atendendo aos seguintes parámetros:

- A garantía de coherencia pedagóxica e coordinación de todos os axentes implicados no proceso educativo.
- A responsabilidade compartida de todo o equipo educativo, xa que tendo como referentes da programación as competencias básicas, a súa adquisición irá ligada á transferencia de aprendizaxes entre unhas áreas e outras.
- A axeitada vinculación entre os obxectivos da etapa e as competencias, que ofrece o marco para o tratamento de cada un dos elementos do currículo para cada curso.
- A reflexión sobre a contribución que cada área ou materia fai ás diferentes competencias básicas.
- A relación entre os elementos curriculares e as competencias.
- A previsión dos resultados que proporcionará o proceso.
- As estratexias de avaliación e revisión dos procesos de ensino e de aprendizaxe.
- **A flexibilidade que permitirá detectar dificultades no proceso e deseñar as estratexias para superar as devanditas dificultades.**

## **2.-CARACTERÍSTICAS DOS NENOS E NENAS DE 11-12 ANOS**

### **A) No seu desenvolvemento psicomotriz**

- Incrementa a coordinación e o control muscular a medida que vai perfeccionando as habilidades motoras finas.

- É moi activo e ten necesidade de realizar actividades físicas esgotadoras, polo que necesita comer ben, sobre todo hidratos de carbono complexos, xa que estes xogos requiren de moita enerxía.

- Incrementa a coordinación e o control muscular a medida que vai perfeccionando as habilidades motoras finas.

- É moi activo e ten necesidade de realizar actividades físicas esgotadoras, polo que necesita comer ben, sobre todo hidratos de carbono.

- Ten comportamentos ousados e aventureiros porque necesita a aprobación dos seus compañeiros.

- Prodúcese grandes variacións no seu corpo: as glándulas sudoríparas e sebáceas vólvense máis activas e segrega hormonas que prepararán o organismo para os cambios que despois se desenvolverán rapidamente na puberdade.

### **B) No seu desenvolvemento afectivo e social**

- Está entrando nun proceso de autoafirmación e formación do carácter, polo que será habitual que se presenten períodos nos que pasa da obediencia á rebeldía.

- Necesita límites e pautas que seguir para adquirir seguridade e confianza en si mesmo.

- É capaz de desenvolver habilidades sociais con maior independencia, aínda que segue a ser dependente dos seus pais e profesores nalgúns aspectos cotiáns.

- Pode pertencer a grupos heteroxéneos que serán importantes para o seu desenvolvemento xa que neles se realizan rituais, se exercitan normas e se adquire o sentido de pertenza

- Traballa cooperativamente cos demais e pode entender as cousas que lles suceden aos outros e comprender os seus puntos de vista.

### **C) No seu desenvolvemento cognitivo**

- Está no último estadio do período operacional concreto polo que é capaz de desenvolver sistemas matemáticos simples, esquemas lóxicos de seriación e ordenamento mental de

conxuntos.

- Pode organizar os coñecementos seguindo relacións lóxicas de inclusión, de reciprocidade e de reversibilidade

- É capaz de basear as súas representacións en datos non observables ou afastados da propia experiencia

- Ten unha imaxinación viva e unha memoria que se desenvolve rapidamente e que lle permite aprender e reter gran cantidade de datos.

- Interésase pola vida de grandes personaxes, pola orixe das cousas, pola biografía e a lenda debido a un afán imitativo, polo que se iniciará no coñecemento do feito histórico biográfico con idea de espazo, pero con escasa comprensión do tempo, xa que é capaz de recoñecer feitos pasados, pero non o fai secuencial nin cronoloxicamente.

- Desenvolve progresivamente o proceso de localización e a capacidade dunha observación máis obxectiva que se orientará ao estudo do medio local, o cal deixa de ser unha realidade global para converterse en obxecto de análise. Este estudo servirlle para adquirir un método de comprensión dos fenómenos naturais e da vida humana.

- Establece unha relación co seu medio e alcanza un grao de madurez que lle permite ampliar o sentido de si mesmo como entidade separada, e como ser activo e pensante en relación con outro.

#### **D) No seu desenvolvemento moral**

- Logra un grande avance no desenvolvemento do xuízo moral debido ao importante progreso na descentralización, ao aumento da capacidade para adoptar outras perspectivas e a unha mellor comprensión das normas que establece a sociedade.

- Pasa da submisión dos criterios polos que pensa que se rexen os adultos, e que supoñen imposición polo principio de autoridade, á moral autónoma que xorde do respecto mutuo e do principio de igualdade.

- Reduce o absolutismo e cre na xustiza inmanente, segundo a cal a violación das regras implica sempre un castigo, polo que alcanza o nivel convencional que supón a conformidade coa orde social establecida

- Empeza a ter un papel importante o autoconceito académico, así como o aspecto físico, priorizado polos valores da nosa sociedade.

### **E) No seu desenvolvemento da linguaxe**

- Domina todos os fonemas.

- A súa escritura alcanza un nivel de madurez e equilibrio que lle permite pasar á fase poscaligráfica, na cal lle imprime velocidade á súa expresión escrita.

- A súa sintaxe e a súa pronuncia vólvense normais e incrementa o uso de oracións máis complexas.

- É capaz de seguir ata cinco instrucións consecutivas e pode entender ben o que le.

### **F) Características específicas do grupo**

- Está formado por 9 nenos e 5 nenas, facendo un total de 14 discentes.

- En xeral, valoran positivamente o traballo e o esforzo como medio de superación e adquisición de técnicas e ferramentas de utilidade.

- Son activos e voluntariosos á hora de traballar, pero aínda lles falta moita madurez e autonomía para xestionar as distintas tarefas e hai algunhas carencias nos hábitos de estudo.

- Posúen un aceptable nivel de intelixencia emocional, moi traballada o ano anterior, utilizando o diálogo, a asertividade, a crítica construtiva e a autocrítica, así como a negociación e outros instrumentos considerados como utilidades sociais para a resolución de conflitos.

- Teñen un comportamento correcto e educado que fan que o ambiente na aula sexa moi positivo.

- Con respecto ao proceso de aprendizaxe, algúns nenos e nenas mostran curiosidade e interese en todo aquilo que constitúe materia de estudio e formación, e a outros cústalles máis á hora de querer aprender pois non amosan interese pola aprendizaxe.

- As familias están, en xeral, implicadas no proceso escolar dos nenos e nenas preocupándose polo desenrolo das súas aptitudes e actitudes e colaborando co profesorado no que se poda pedir.

---

## **3.-OBXECTIVOS XERAIS**

Constitúen uns enunciados que definen, en termos de capacidades, o tipo de desenvolvemento que esperamos que alcancen os alumnos ao termo da etapa. Estas capacidades orientarán e vertebrarán a actuación educativa en todas as áreas e atenderán a unha evolución integral da personalidade, pois refírense á súa dimensión intelectual, comunicativa, estética, socio-afectiva e motriz.

A educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

a	Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así
---	---

	como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
b	Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
c	Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
d	Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
e	Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
f	Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
g	Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
h	Coñecer os aspectos fundamentais das Ciencias da Natureza, das Ciencias Sociais, da Xeografía, da Historia e da Cultura con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
i	Iniciarse no uso das tecnoloxías da información e da comunicación, para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
j	Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
k	Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
l	Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
m	Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.

n	Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
o	Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, salientando as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

#### 4-PROGRAMACIÓNS POR ÁREAS.

#### 4.1-PROGRAMACIÓN DE MATEMÁTICAS

ÁREA: MATEMÁTICAS.					
Obxectivos	Contidos	Mínimos esixibles	Estándares de aprendizaxe	Com pet. Clave	Temporalización
<b>BLOQUE 1. PROCESOS, MÉTODOS E ACTITUDES EN MATEMÁTICAS</b>					
bg	B1.1. Proposta de pequenas investigacións en contextos numéricos, xeométricos e funcionais.	B1.1. Describe e analiza situacións de cambio para encontrar patróns, regularidades e leis matemáticas, en contextos numéricos, xeométricos e funcionais, valorando a súa utilidade para facer predicións.	MTB1.1.1. Realiza predicións sobre os resultados esperados, utilizando os patróns e leis encontrados, analizando a súa idoneidade e os erros que se producen.	CMC T CAA	1º trimestre
big	B1.1. Proposta de pequenas investigacións en contextos numéricos, xeométricos e funcionais.		MTB1.2.1. Elabora informes sobre o proceso de investigación realizado, expoñendo as fases do mesmo, valorando os resultados e as conclusións obtidas.	CMC T CCL CAA  CSIE E CD	1º trimestre
bg	B1.2. Achegamento ao método de traballo científico mediante o estudo dalgunhas das súas características e a súa práctica en situacións sinxelas.	B1.3. Planifica e controla as fases do método de traballo científico en situacións apropiadas ao seu nivel.	MTB1.3.1. Elabora conxecturas e busca argumentos que as validen ou as refuten, en situacións a resolver, en contextos numéricos, xeométricos ou funcionais.	CMC T CAA  CSIE E	1º trimestre



ÁREA: MATEMÁTICAS.

Obxectivo	Contidos	Mínimos esixibles	Estándares de aprendizaxe	Com pet. Clave	Temporali zación
b e g	B1.2. Achegamento ao método de traballo científico mediante o estudo dalgunhas das súas características e a súa práctica en situacións sinxelas. B1.3. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.	B1.4. Desenvolve e cultiva as actitudes persoais inherentes ao traballo matemático.	MTB1.4.1. Propón a resolución de retos e problemas coa precisión, co esmero e co interese apropiado ao nivel educativo e a dificultade da situación.	CMC T CAA	1º trimestre
			MTB1.4.2. Desenvolve e aplica estratexias de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios) para crear e investigar conxecturas e construír e defender argumentos.	CMC T CCL CAA	1º trimestre
b g i	B1.4. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para obter información, realizar cálculos numéricos, resolver problemas e presentar resultados.		MTB1.5.1. Reflexiona sobre os problemas resoltos e os procesos desenvolto, valorando as ideas claves, aprendendo para situacións futuras similares.	CMC T CAA CSIE E	1º trimestre
			MTB1.5.2. Utiliza ferramentas tecnolóxicas para a realización de cálculos numéricos, para aprender e para resolver problemas, conxecturas e construír e defender argumentos.	CMC T CD CAA CSIE E	1º trimestre
b e g i	B1.3. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico. B1.4. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para obter información, realizar cálculos	B1.6. Selecciona e utiliza as ferramentas tecnolóxicas e estratexias para o cálculo	MTB1.6.1. Realiza un proxecto, elabora e presenta un informe creando documentos dixitais propios (texto, presentación, imaxe, vídeo, son...), buscando, analizando e seleccionando a información relevante, utilizando a ferramenta tecnolóxica axeitada e compartindo cos seus compañeiros.	CMC T CD CAA CCL CSIE E	1º trimestre

ÁREA: MATEMÁTICAS.

Obxectivo	Contidos	Mínimos esixibles	Estándares de aprendizaxe	Compet. Clave	Temporalización
	numéricos, resolver problemas e presentar resultados. B1.5. Integración nas tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de aprendizaxe.				
<b>BLOQUE 2. NÚMEROS</b>					
b e g	B2.1. Números enteiros, decimais e fraccións. B2.2. A numeración romana. B2.3. Orde numérica. Utilización dos números ordinais. Comparación de números. B2.4. Nome e grafía dos números de máis de seis cifras. B2.5. Equivalencias entre os elementos do sistema de numeración decimal: unidades, decenas, centenas etc. B2.6. O sistema de numeración decimal: valor de posición das cifras. B2.7. O número decimal: décimas, centésimas e	B2.1. Le, escribe e ordena utilizando razoamentos apropiados, distintos tipos de números (romanos, naturais, fraccións e decimais ata as milésimas).	MTB2.1.1. Identifica os números romanos aplicando o coñecemento á comprensión de datacións.	CMC T  CCE C	1º trimestre
			MTB2.1.2. Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.	CMC T CAA CCL	1º trimestre

ÁREA: MATEMÁTICAS.

Obxectivos	Contidos	Mínimos esixibles	Estándares de aprendizaxe	Com pet. Clave	Temporalización
	<p>milésimas.</p> <p>B2.8. Fraccións propias e impropias. Número mixto.</p> <p>Representación gráfica.</p> <p>B2.9. Os números decimais: valor de posición.</p> <p>B2.10. Números positivos e negativos.</p> <p>B2.11. Ordenación de conxuntos de números de distinto tipo.</p>				
b e g	<p>B2.3. Orde numérica.</p> <p>Utilización dos números ordinais.</p> <p>Comparación de números.</p> <p>B2.5. Equivalencias entre os elementos do sistema de numeración decimal: unidades, decenas, centenas etc.</p> <p>B2.12. Concepto de fracción como relación entre as partes o todo.</p> <p>B2.8. Fraccións propias e impropias. Número mixto.</p> <p>Representación gráfica.</p> <p>B2.9. Os números decimais: valor de posición.</p> <p>B2.13. Redondeo de números decimais ás décima, centésima ou milésima máis</p>	B2.2. Interpreta diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.	<p>MTB2.2.1. Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.</p>	CMC T CAA CCL	1º trimestre
			<p>MTB2.2.2. Utiliza os números negativos en contextos reais.</p>	CMC T	1º trimestre

ÁREA: MATEMÁTICAS.

Obxectivo	Contidos	Mínimos esixibles	Estándares de aprendizaxe	Com pet. Clave	Temporali zación
	<p>próxima.</p> <p>B2.10. Números positivos e negativos.</p> <p>B2.14. Redondeo de números naturais ás decenas, centenas e millares.</p>				
g	<p>B2.15. Fraccións equivalentes, redución de dúas ou máis fraccións a común denominador.</p> <p>B2.13. Redondeo de números decimais á décima, centésima ou milésima máis próxima.</p> <p>B2.16. Relación entre fracción e número decimal, aplicación á ordenación de fraccións.</p>	<p>B2.3. Realiza operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, facendo referencia implícita ás propiedades das operación, en situación de resolución de problemas.</p>	<p>MTB2.3.1. Reduce dúas ou máis fraccións a común denominador e calcula fraccións equivalentes.</p>	CMC T	1º trimestre
			<p>MTB2.3.2. Redondea números decimais á décima, centésima ou milésima máis próxima.</p>	CMC T	1º trimestre
			<p>MTB2.3.3. Ordena fraccións aplicando á relación entre fracción e número decimal.</p>	CMC T	1º trimestre
g	<p>B2.15. Fraccións equivalentes, redución de dúas ou máis fraccións a común denominador.</p> <p>B2.17. Divisibilidade: múltiplos, divisores, números primos e números compostos. Criterios de divisibilidade.</p>	<p>B2.4. Utiliza as propiedades das operacións, as estratexias persoais e os diferentes procedementos que se usan segundo a natureza do cálculo que se realizará (algoritmos escritos, cálculo mental, tenteo, estimación e calculadora).</p>	<p>MTB2.4.1. Coñece e aplica os criterios de divisibilidade por 2, 3, 5, 9 e 10.</p>	CMC T	1º trimestre
b e g	<p>B2.18. Estimación de resultados.</p> <p>B2.19. Comprobación de resultados mediante estratexias</p>	<p>B2.5. Utiliza os números enteiros, decimais, fraccionarios e as porcentaxes sinxelas para interpretar e intercambiar</p>	<p>MTB2.5.1. Opera cos números coñecendo a xerarquía das operacións.</p>	CMC T	1º trimestre
			<p>MTB2.5.2. Utiliza diferentes tipos de números en contextos reais, establecendo equivalencias entre eles,</p>	CMC T CCL	1º trimestre

ÁREA: MATEMÁTICAS.

Obxectivos	Contidos	Mínimos esixibles	Estándares de aprendizaxe	Compet. Clave	Temporalización
	aritméticas. B2.20. Propiedades das operacións e relacións entre elas utilizando números naturais.	información en contextos da vida cotiá.	identificándoos e utilizándoos como operadores na interpretación e resolución de problemas.		
			MTB2.5.3. Estima e comproba resultados mediante diferentes estratexias.	CMC T CAA	1º trimestre
b g	B2.17. Divisibilidade: múltiplos, divisores, números primos e números compostos. Criterios de divisibilidade. B2.21 Operacións con números naturais: suma, resta, multiplicación e división. B2.22. Potencia como produto de factores iguais. Cadrados e cubos. Potencias de base 10. B2.23. Identificación e uso dos termos propios da división. B2.20. Propiedades das operacións e relacións entre elas utilizando números naturais. B2.24. Operacións con fraccións. B2.25. Operacións con números decimais. B2.26. Utilización dos algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división.	B2.6. Opera cos números tendo en conta a xerarquía nas operacións, aplicando as propiedades destas, as estratexias persoais e os diferentes procedementos que se utilizan segundo a natureza do cálculo que se realizará (algoritmos escritos, cálculo mental, tenteo, estimación, calculadora), usando o máis adecuado	MTB2.6.1. Calcula cadrados, cubos e potencias de base 10.	CMC T	1º trimestre
			MTB2.6.2. Realiza sumas e restas de fraccións co mesmo denominador. Calcula o produto dunha fracción por un número.	CMC T	1º trimestre
			MTB2.6.3. Realiza operacións con números decimais.	CMC T	1º trimestre
			MTB2.6.4. Aplica a xerarquía das operacións e os usos da paréntese.	CMC T CAA	1º trimestre
b	B2.16. Relación	B2.7. Iniciase no uso	MTB2.7.1. Calcula e utiliza as	CMC	1º

ÁREA: MATEMÁTICAS.

Obxectivo	Contidos	Mínimos esixibles	Estándares de aprendizaxe	Com pet. Clave	Temporali zación
e g	entre fracción e número decimal, aplicación á ordenación de fraccións. B2.27. Porcentaxes e proporcionalidade. B2.28. Expresión das partes utilizando porcentaxes. B2.29. Correspondencia entre fraccións sinxelas, decimais e porcentaxes. B2.30. Aumentos e diminucións porcentuais. B2.31. Proporcionalidade directa. B2.32. A regra de tres en situacións de proporcionalidade directa: lei do dobre, triplo, metade. B2.33. Resolución de problemas da vida cotiá.	das porcentaxes e a proporcionalidade directa para interpretar e intercambiar información e resolver problemas en contextos da vida cotiá.	porcentaxes dunha cantidade para expresar partes.	T	trimestre
			MTB2.7.2. Establece a correspondencia entre fraccións sinxelas, decimais e porcentaxes.	CMC T	1º trimestre
			MTB2.7.3. Calcula aumentos e diminucións porcentuais.	CMC T	1º trimestre
			MTB2.7.4. Usa a regra de tres en situacións de proporcionalidade directa: lei do dobre, triplo, metade, para resolver problemas da vida diaria.	CMC T CAA	1º trimestre
			MTB2.7.5. Resolve problemas da vida cotiá utilizando porcentaxes e regra de tres en situacións de proporcionalidade directa, explicando oralmente e por escrito o significado dos datos, a situación formulada, o proceso seguido e as solucións obtidas.	CMC T CCL CAA	1º trimestre
b g	B2.17. Divisibilidade: múltiplos, divisores, números primos e números compostos. Criterios de divisibilidade. B2.18. Estimación de resultados. B2.26. Utilización dos algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división.	B2.8. Coñece, utiliza e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións da vida cotiá.	MTB2.8.1. Emprega e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números (naturais, enteiros, decimais e fraccións).	CMC T CAA	1º trimestre
			MTB2.8.2. Descompón de forma aditiva e de forma aditivo- multiplicativa, números menores de un millón, atendendo o valor de posición das súas cifras.	CMC T	1º trimestre
			MTB2.8.8. Calcula todos os divisores de calquera número menor de 100.	CMC T	1º trimestre

ÁREA: MATEMÁTICAS.

Obxectivo	Contidos	Mínimos esixibles	Estándares de aprendizaxe	Compet. Clave	Temporalización
	B2.34. Automatización de algoritmos.		MTB2.8.9. Calcula o mcm e o mcd.	CMC T	1º trimestre
	B2.35. Descomposición de forma aditiva e de forma aditivo-multiplicativa.		MTB2.8.10. Descompón números decimais atendendo ao valor de posición das súas cifras.	CMC T	1º trimestre
	B2.36. Descomposición de números naturais atendendo o valor de posición das súas cifras.		MTB2.8.11. Calcula tantos por cen en situacións reais.	CMC T	1º trimestre
	B2.37. Construción de series ascendentes e descendentes.		MTB2.8.12. Elabora e emprega estratexias de cálculo mental.	CMC T CAA	1º trimestre
	B2.38. Obtención dos primeiros múltiplos dun número dado.				
	B2.39. Obtención de todos os divisores de calquera número menor de 100.				
	B2.40. Descomposición de números decimais atendendo ao valor de posición das súas cifras.				
	B2.41. Cálculo de tantos por cen en situacións reais.				
	B2.42. Elaboración e uso de estratexias de cálculo mental.				
	B2.43. Utilización da calculadora.				
b e g	B2.19. Comprobación de resultados mediante estratexias aritméticas. B2.44. Resolución	B2.9. Identifica, resolve problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as	MTB2.9.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados, empregando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de	CMC T CAA CCL CSIE E	1º trimestre



ÁREA: MATEMÁTICAS.

Obxectivo	Contidos	Mínimos esixibles	Estándares de aprendizaxe	Com pet. Clave	Temporali zación
	de problemas da vida cotiá.	matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	exemplos contrarios), creando conxecturas, construíndo, argumentando e tomando decisións, valorando as súas consecuencias e a conveniencia do seu uso. MTB2.9.2. Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto e buscando outras formas de resolvelo.		
<b>BLOQUE 3. MEDIDA</b>					
b e g	B3.1. Elección da unidade máis axeitada para a expresión dunha medida. B3.2. Realización de medicións. B3.3. Estimación de lonxitudes, capacidades, masas, superficies e volumes de obxectos e espazos coñecidos; elección da unidade e dos instrumentos máis axeitados para medir e expresar unha medida.	B3.1. Escolle os instrumentos de medida máis pertinentes en cada caso, estimando a medida de magnitudes de lonxitude, capacidade, masa e tempo facendo previsións razoables.	MTB3.1.1. Estima lonxitudes, capacidades, masas, superficies e volumes de obxectos e espazos coñecidos elixindo a unidade e os instrumentos máis axeitados para medir e expresar unha medida, explicando de forma oral o proceso seguido e a estratexia utilizada.	CMC T CCL CAA	2º trimestre
			MTB3.1.2. Mide con instrumentos, utilizando estratexias e unidades convencionais e non convencionais, elixindo a unidade máis axeitada para a expresión dunha medida.	CMC T CAA	2º trimestre
g	B3.4. Comparación e ordenación de medidas dunha mesma magnitude. B3.5. Desenvolvemento de estratexias para medir figuras de maneira exacta e aproximada. B3.6. Comparación	B3.2. Opera con diferentes medidas	MTB3.2.1. Suma e resta medidas de lonxitude, capacidade, masa, superficie e volume en forma simple dando o resultado na unidade determinada de antemán.	CMC T	2º trimestre
			MTB3.2.2. Expresa en forma simple a medición da lonxitude, capacidade ou masa dada en forma complexa e viceversa.	CMC T	2º trimestre
			MTB3.2.3. Compara e ordena	CMC	2º



ÁREA: MATEMÁTICAS.

Obxectivo	Contidos	Mínimos esixibles	Estándares de aprendizaxe	Com pet. Clave	Temporali zación
	de superficies de figuras planas por superposición, descomposición e medición. B3.7. Sumar e restar medidas de lonxitude, capacidade, masa, superficie e volume.		medidas dunha mesma magnitude.	T	trimestre
b e g	B3.8. Explicación oral e escrita do proceso seguido e da estratexia utilizada en calquera dos procedementos empregados. B3.9. Equivalencias entre as medidas de capacidade e volume.	B3.4. Utiliza as unidades de medida máis usuais, convertendo unhas unidades noutras da mesma magnitude, expresando os resultados en unidades de medida máis axeitadas, explicando oralmente e por escrito o proceso seguido e aplicándoo á resolución de problemas.	MTB3.4.1. Coñece e utiliza as equivalencias entre as medidas de capacidade e volume.	CMC T	2º trimestre
			MTB3.4.2. Explica de forma oral e por escrito os procesos seguidos e as estratexias utilizadas en todos os procedementos realizados.	CCL CAA	2º trimestre
			MTB3.4.3. Resolve problemas utilizando as unidades de medida máis usuais, convertendo unhas unidades noutras da mesma magnitude, expresando os resultados nas unidades de medida máis axeitadas, explicando oralmente e por escrito o proceso seguido.	CMC T CCL CAA	2º trimestre
b g	B3.10. O sistema sesaxesimal. B3.11. O ángulo como unidade de medida dun ángulo. Medida de ángulos.	B3.5. Coñece o sistema sesaxesimal para realizar cálculos con medidas angulares.	MTB3.5.1. Resolve problemas realizando cálculos con medidas angulares.	CMC T CAA	2º trimestre
b g	B3.12. Resolución de problemas de medida.	B3.6. Identifica e resolve problemas da vida cotiá adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos	MTB3.6.1. Reflexiona sobre o proceso seguido na resolución de problemas revisando as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto e buscando outras formas de resolvelo.	CMC T CAA CSIE E	2º trimestre

ÁREA: MATEMÁTICAS.

Obxectivos	Contidos	Mínimos esixibles	Estándares de aprendizaxe	Com pet. Clave	Temporali zación
		axeitados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.			
<b>BLOQUE 4. XEOMETRÍA</b>					
g	B4.1. Posicións relativas de rectas e circunferencias. B4.2. Ángulos en distintas posicións: consecutivos, adxacentes, opostos polo vértice... B4.3. Sistema de coordenadas cartesianas. Descrición de posicións e movementos. B4.4. A representación elemental do espazo, escalas e gráficas sinxelas.	B4.1. Utiliza as nocións xeométricas de paralelismo, perpendicularidade, simetría, xeometría, perímetro e superficie para describir e comprender situacións da vida cotiá.	MTB4.1.1. Identifica e representa posicións relativas de rectas e circunferencias.	CMC T	2º trimestre
			MTB4.1.2. Identifica e representa ángulos en diferentes posicións: consecutivos, adxacentes, opostos polo vértice...	CMC T	2º trimestre
			MTB4.1.3. Describe posicións e movementos por medio de coordenadas, distancias, ángulos, xiros...	CMC T	2º trimestre
			MTB4.1.4. Realiza escalas e gráficas sinxelas, para facer representacións elementais no espazo.	CMC T	2º trimestre
g i	B4.5. Formas planas e espaciais: figuras planas: elementos, relación e clasificación. B4.6. Clasificación de triángulos atendendo os seus lados e os seus ángulos.	B4.2 Coñece as figuras planas; cadrado, rectángulo, romboide, triángulo, trapecio e rombo.	MTB4.2.1. Clasifica triángulos atendendo aos seus lados e aos seus ángulos, identificando as relacións entre os seus lados e entre ángulos.	CMC T	2º trimestre
			MTB4.2.2. Utiliza instrumentos de debuxo e ferramentas tecnolóxicas para a construción e exploración de formas xeométricas.	CMC T CD	2º trimestre
g b	B4.5. Formas planas e espaciais: figuras planas: elementos, relación e clasificación. B4.6. Clasificación de triángulos atendendo os seus lados e os seus ángulos.	B4.3. Comprende o método de calcular a área dun paralelogramo, triángulo, trapecio e rombo. Calcular a área de figuras planas.	MTB4.3.1. Calcula a área e o perímetro de: rectángulo, cadrado e triángulo.	CMC T	2º trimestre
			MTB4.3.2. Aplica os conceptos de perímetro e superficie de figuras para a realización de cálculos sobre planos e espazos reais e para interpretar situacións da vida diaria.	CMC T CAA	2º trimestre
g	B4.7. Clasificación de cuadriláteros	B4.4. Utiliza as propiedades das	MTB4.4.1. Identifica e diferencia os elementos	CMC	3ºtrimestr e

ÁREA: MATEMÁTICAS.

Obxectivo	Contidos	Mínimos esixibles	Estándares de aprendizaxe	Com pet. Clave	Temporali zación
	atendendo o paralelismo dos seus lados. Clasificación dos paralelepípedos. B4.8. Concaidade e convexidade de figuras planas. B4.9. A circunferencia e o círculo. Elementos básicos: centro, raio, diámetro, corda, arco, tanxente e sector circular.	figuras planas para resolver problemas.	básicos da circunferencia e círculo: centro, raio, diámetro, corda, arco, tanxente e sector circular.  MTB4.4.2. Calcula perímetro e área da circunferencia e do círculo.	T  CMC T	  3ºtrimestr e
b g	B4.10. Interpretación de representacións espaciais en situacións da vida cotiá.	B4.5. Interpreta representacións espaciais realizadas a partir de sistemas de referencia e de obxectos ou situacións familiares.	MTB4.5.1. Comprende e describe situacións da vida cotiá, e interpreta e elabora representacións espaciais (planos, esbozos de itinerarios, maquetas,...), utilizando as nocións xeométricas básicas (situación, movemento, paralelismo, perpendicularidade, escala, simetría, perímetro e superficie).	CMC T CAA	3ºtrimestr e
b e g	B4.11. Resolución de problemas de xeometría relacionados coa vida cotiá.	B4.6. Identifica, resolve problemas da vida cotiá axeitados ao seu nivel, establece conexións entre a realidade e as matemáticas e valora a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	MTB4.6.1 Resolve problemas xeométricos que impliquen dominio dos contidos traballados, utilizando estratexias heurísticas de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construindo, argumentando e tomando decisións, valorando as súas consecuencias e a conveniencia da súa utilización.  MTB4.6.2. Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas: revisando as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando	CMC T CAA CCL  CSIE E  CMC T CAA	3ºtrimestr e       3ºtrimestr e

ÁREA: MATEMÁTICAS.

Obxectivo	Contidos	Mínimos esixibles	Estándares de aprendizaxe	Com pet. Clave	Temporali zación
			as solucións no contexto, propoñendo outras formas de resolvelo.		
<b>BLOQUE 5. ESTADÍSTICA E PROBABILIDADE</b>					
b g	B5.1. Recollida e clasificación de datos cualitativos e cuantitativos.	B5.1. Recolle e rexistra unha información cuantificable, utilizando algúns recursos sinxelos de representación gráfica: táboas de datos, bloques de barras, diagramas lineais... comunicando a información.	MTB5.1.1. Identifica datos cualitativos e cuantitativos en situacións familiares.	CMC T CAA	3ºtrimestr e
b g	B5.2. Construción de táboas de frecuencias absolutas e relativas. B5.3. Iniciación intuitiva ás medidas de centralización: a media aritmética, a moda e o rango. B5.4. Realización e interpretación de gráficas sinxelas: diagramas de barras, poligonais e sectoriais. B5.5. Análise crítica das informacións que se presentan mediante gráficas estatísticas.	B5.2. Realiza, le e interpreta representacións gráficas dun conxunto de datos relativos ao contorno inmediato.	MTB5.2.1. Recolle e clasifica datos cualitativos e cuantitativos de situacións do seu contorno, utilizándoos para construír táboas de frecuencias absolutas e relativas.	CMC T CAA	3ºtrimestr e
			MTB5.2.2. Aplica de forma intuitiva a situacións familiares as medidas de centralización: a media aritmética, a moda e o rango.	CMC T CAA	3ºtrimestr e
			MTB5.2.3. Realiza e interpreta gráficos moi sinxelos: diagramas de barras, poligonais e sectoriais, con datos obtidos de situacións moi próximas. MTB5.2.4. Realiza análise crítica e argumentada sobre as informacións que se presentan mediante gráficas estatísticas	CMC T CAA	3ºtrimestr e
g	B5.6. Carácter aleatorio dalgunhas experiencias	B5.3. Fai estimacións baseadas na experiencia sobre o resultado (posible, imposible, seguro, máis ou menos probable) de situacións sinxelas	MTB5.3.1. Identifica situacións de carácter aleatorio.	CMC T	3ºtrimestr e

ÁREA: MATEMÁTICAS.					
Obxectivo	Contidos	Mínimos esixibles	Estándares de aprendizaxe	Com pet. Clave	Temporalización
		nas que interveña o azar e comproba o dito resultado.			
b g	B5.6. Carácter aleatorio dalgunhas experiencias.	B5.4. Observa e constata que hai sucesos imposibles, sucesos que con case toda seguridade prodúcense ou que se repiten, sendo máis ou menos probable esta repetición.	MTB5.4.1. Realiza conxecturas e estimacións sobre algún xogos (moedas, dados, cartas, loterías...)	CMC T CAA	3ºtrimestre
b e g	B5.7. Iniciación intuitiva ao cálculo da probabilidade dun suceso.	B5.5. Identifica e resolve problemas da vida cotiá axeitados ao seu nivel, establece conexións entre a realidade e as matemáticas e valora a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	MTB5.5.1. Resolve problemas que impliquen dominio dos contidos propios da estatística e probabilidade, utilizando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios...), creando conxecturas, construíndo, argumentando e tomando decisións, valorando as consecuencias destas e a conveniencia da súa utilización.	CMC T CAA CCL CSIE E	3ºtrimestre
			MTB5.5.2. Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas revisando as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto e propoñendo outras formas de resolvelo.	CMC T CAA CCL CSIE E	3ºtrimestre

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

-Describir e analizar situacións de cambio para encontrar patróns, regularidades e leis matemáticas, en contextos numéricos, xeométricos e funcionais, valorando a súa utilidade para facer predicións.

-Realizar e presentar informes sinxelos sobre o desenvolvemento, resultados e conclusións obtidas no proceso de investigación.

-Planificar e controlar as fases do método de traballo científico en situacións apropiadas ao seu nivel.
-Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao traballo matemático.
-Superar bloqueos e inseguridades ante resolución de situacións descoñecidas.
-Seleccionar e utilizar as ferramentas tecnolóxicas e estratexias para o cálculo para coñecer os principios matemáticos e resolver problemas.
-Ler, escribir e ordenar utilizando razoamentos apropiados, distintos tipos de números (romanos, naturais, fraccións e decimais ata as milésimas).
-Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.
-Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, facendo referencia implícita ás propiedades das operacións, en situación de resolución de problemas.
-Utilizar as propiedades das operacións, as estratexias persoais e os diferentes procedementos que se usan segundo a natureza do cálculo que se realizará (algoritmos escritos, cálculo mental, tenteo, estimación e calculadora).
-Utilizar os números enteiros, decimais, fraccionarios e as porcentaxes sinxelas para interpretar e intercambiar información en contextos da vida cotiá.
-Operar cos números tendo en conta a xerarquía nas operacións, aplicando as propiedades destas, as estratexias persoais e os diferentes procedementos que se utilizan segundo a natureza do cálculo que se realizará (algoritmos escritos, cálculo mental, tenteo, estimación, calculadora), usando o máis adecuado
-Iniciarse no uso das porcentaxes e a proporcionalidade directa para interpretar e intercambiar información e resolver problemas en contextos da vida cotiá.
-Coñecer, utilizar e automatizar algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións da vida cotiá.
-Identificar, resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.
-Escoller os instrumentos de medida máis pertinentes en cada caso, estimando a medida de magnitudes de lonxitude, capacidade, masa e tempo facendo previsións razoables.
-Operar con diferentes medidas

-Utilizar as unidades de medida máis usuais, convertendo unhas unidades noutras da mesma magnitude, expresando os resultados en unidades de medida máis axeitadas, explicando oralmente e por escrito o proceso seguido e aplicándoo á resolución de problemas.
-Coñecer o sistema sesaxesimal para realizar cálculos con medidas angulares.
-Identificar e resolver problemas da vida cotiá adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.  -Utilizar as nocións xeométricas de paralelismo, perpendicularidade, simetría, xeometría, perímetro e superficie para describir e comprender situacións da vida cotiá.
- Coñecer as figuras planas; cadrado, rectángulo, romboide, triángulo, trapecio e rombo.
-Comprender o método de calcular a área dun paralelogramo, triángulo, trapecio e rombo. Calcular a área de figuras planas.
-Utilizar as propiedades das figuras planas para resolver problemas.
-Interpretar representacións espaciais realizadas a partir de sistemas de referencia e de obxectos ou situacións familiares.
-Identificar, resolver problemas da vida cotiá axeitados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.
-Recoller e rexistrar unha información cuantificable, utilizando algúns recursos sinxelos de representación gráfica: táboas de datos, bloques de barras, diagramas lineais... comunicando a información.
-Realizar, ler e interpretar representacións gráficas dun conxunto de datos relativos ao contorno inmediato.
-Facer estimacións baseadas na experiencia sobre o resultado (posible, imposible, seguro, máis ou menos probable) de situacións sinxelas nas que interveña o azar e comprobar o dito resultado.
-Observar e constatar que hai sucesos imposibles, sucesos que con case toda seguridade prodúcense ou que se repiten, sendo máis ou menos probable esta repetición.
-Identificar e resolver problemas da vida cotiá axeitados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.

## ACTIVIDADES TIPO



As matemáticas son un conxunto de saberes asociados aos números e as formas, que se van progresivamente completando ata constituír un modo valioso de analizar situacións variadas. O seu sentido na Educación Primaria é particularmente experiencial; os contidos de aprendizaxe parten do próximo, e abórdanse en contextos de identificación e resolución de problemas. Os alumnos deben aprender partindo do que xa coñecen e das súas propias experiencias.

A área de Matemáticas en Educación Primaria busca desenvolver en o alumnado a competencia matemática en todos e cada un de os seus aspectos, unha alfabetización numérica e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos a situacións reais.

Partindo dos contidos, os criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe avaliáveis e as competencias clave establecidos no actual marco curricular de Educación Primaria para a área de Matemáticas, desenvolveuse a presente Proposta didáctica que se divide

nos seguintes bloques:

<b>6.1.-Procesos, métodos e actitudes matemáticas.</b>	É común a toda a etapa e é o eixe fundamental da área, polo que se debe desenvolver simultaneamente ao resto de bloques. Articúlase sobre procesos básicos e imprescindibles no quefacer matemático: a resolución de problemas, proxectos de investigación matemática, a modelización, as actitudes e a utilización de medios tecnolóxicos.
<b>6.2.-Números.</b>	<p>Preténdese o afianzamento do sentido numérico adquirido no primeiro ciclo de Primaria, a aprendizaxe dos números ata seis cifras, números ordinais, fraccionarios e decimais e a súa aplicación en distintas situacións. A comparación dos números, a orde e a relación destes preséntanse dun xeito gráfico e ascendente para despois dar paso á realización de actividades de diferentes graos de dificultade.</p> <p>A presentación das fraccións fíxose de forma gráfica utilizando a manipulación do material que se achega co proxecto, con iso facilítase a aprendizaxe de novos saberes de un xeito máis motivador e construtivo.</p>
<b>6.3.-Medida.</b>	Ao longo deste curso amplíanse as unidades de medida utilizadas xa no primeiro ciclo e introdúcese a medida de superficie. Realízanse medicións usando instrumentos e unidades de medida convencionais apropiadas, ademais de estimacións de obxectos da vida cotiá. Con iso, preténdese espertar nos alumnos o interese por coñecer e expresar mediante un vocabulario apropiado, tanto de forma oral coma escrita, as unidades utilizadas e o proceso seguido nas medicións. Á súa vez, realízanse lecturas de tempo en reloxos e empréganse unidades de medida que indican períodos de tempo para que o alumno saiba interpretar correctamente informacións horarias.
<b>6.4.- Xeometría.</b>	Abórdase de maneira que o alumno poida asimilala de xeito autónomo a través do uso de materiais e de modelos reais. No referente ao plano, trabállanse distintos tipos de rectas, ángulos, figuras planas e corpos xeométricos, simetrías, translacións e xiros e a representación elemental de planos e mapas.



			CSB4.5.2.Aprecia a herdanza cultural a escala local, nacional e europea como a riqueza compartida que hai que coñecer, preservar e coidar.	CSC CCE C CAA	3º trimestre

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Obter información concreta e relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, utilizando diferentes fontes (directas e indirectas)
2. Valorar o traballo en grupo, amosando actitudes de cooperación e participación responsable, aceptando as diferenzas con respecto e tolerancia cara ás ideas e achegas alleas nos diálogos e debates.
3. Utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación para obter información e como instrumento para aprender, e expresar contidos sobre Ciencias sociais.
4. Desenvolver a responsabilidade, a capacidade de esforzo e a constancia no estudo.
5. Realizar traballos e presentacións a nivel individual e grupal que supoñan a busca, selección e organización de textos de carácter social, xeográfico ou histórico, amosando habilidade para traballar tanto individualmente como de maneira colaborativa dentro dun equipo.
6. Respecta a variedade dos diferentes grupos humanos e valora a importancia dunha convivencia pacífica e tolerante entre todos eles sobre a base dos valores democráticos e os dereitos humanos universalmente compartidos.
7 .Participa dunha maneira eficaz e construtiva na vida social creando estratexias para resolver conflitos e empregando códigos de conduta xeralmente aceptados.
8. Valorar a cooperación e o diálogo como forma de evitar e resolver conflitos, fomentando os

	valores democráticos.
	9. Desenvolver a creatividade e o espírito emprendedor aumentando as capacidades para aproveitar a información, as ideas e presentar conclusións innovadoras.
1	10. Desenvolver actitudes en cooperación e de traballo en equipo, así como o hábito de asumir novos roles nunha sociedade en continuo cambio.
	11. Describir correctamente planos e mapas, incluíndo os planisferios, interpretando a súa escala e signos convencionais.
I	12. Identificar os elementos que inflúen no clima, explicando como actúan nel e adquirindo unha idea básica de clima e dos factores que o determinan.
	13. Explicar que é unha paisaxe, identificar os principais elementos que o compoñen e as características dos principais paisaxes de España e de Europa.
I	14. Identificar as principais unidades de relevo de Europa, os seus climas e a súa rede hidrográfica, localizándoos nun mapa.
	15. Explicar a influencia do comportamento humano no medio natural, identificando o uso sostible dos recursos naturais propoñendo unha serie de medidas necesarias para o desenvolvemento sostible da humanidade, especificando os seus efectos positivos.
	16. Explicar as consecuencias que teñen as nosas accións sobre o clima e o cambio climático.
17.	17. Identificar a estrutura e os fins da Unión Europea, explicando algunhas vantaxes derivadas do feito de formar parte da Unión Europea.
	Comprender e interpreta os principais conceptos demográficos e calculalos a partires dos datos de poboación.
	18. Distinguir as principais características española e europea, explicando a súa evolución e a súa distribución demográfica e representándoa graficamente.
	19. Describir os movementos migratorios da poboación galega e de España explicando o éxodo rural, a emigración a Europa, e a chegada de emigrantes ao noso país e identificar os problemas actuais da poboación.
	20. Identificar as actividades que pertencen a cada un dos sectores económicos, describir as características destes recoñecendo as principais actividades económicas de España e Europa.
	21. Describir o funcionamento da publicidade e as súas técnicas distinguindo publicidade educativa e publicidade consumista.
2	22. Tomar conciencia do valor do diñeiro e dos seus usos mediante un consumo responsable e o sentido do aforro.
	23. Comprender os beneficios que ofrece o espírito emprendedor.



	24. .Explica as características esenciais dunha empresa, especificando as diferentes actividades e formas de organización que poden desenvolver distinguindo entre os diferentes tipos de empresa
	25. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia.
2	26. Utiliza as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade para ordenar temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos relevantes.
	27. Identificar, localizar no tempo e no espazo e comprender os procesos e acontecementos históricos, políticos, sociais e culturais, máis relevantes da historia de España para adquirir unha perspectiva global da súa evolución.
2	28. Desenvolver a curiosidade por coñecer as formas da vida humana no pasado, valorando a importancia que teñen os restos para o coñecemento e estudo da historia e como patrimonio cultural que hai que coidar e legar.
3	29. Valorar a importancia dos museos, sitios e monumentos históricos como espazos onde se ensina e aprende, amosando unha actitude de respecto á súa contorna e á súa cultura, apreciando a herdanza cultural.

### ACTIVIDADES TIPO

A área de Ciencias sociais ten como obxecto contribuír ao desenvolvemento persoal e social do alumnado, achegándolle os recursos necesarios para integrarse e participar de forma activa na sociedade na que vive, partindo da comprensión da realidade física, social e histórica máis próxima ata poder comprender o mundo dun xeito máis global. O desenvolvemento persoal e social dos alumnos e alumnas como futuros cidadáns e cidadás implica, por unha banda, coñecer os mecanismos fundamentais da democracia respectando as regras da vida colectiva e, por outra, interactuar coa contorna e o medio velando pola súa conservación ao seren estes bens comúns e compartidos.

A área das Ciencias sociais integra diversos ámbitos de estudo, centrándose en aspectos xeográficos, sociolóxicos, económicos e históricos. A organización de contidos da área por bloques establécese en base a estes ámbitos co fin de facilitar a concreción curricular da área e da etapa. En ningún caso, o desenvolvemento curricular se limitará a seguir esta estrutura, senón que os contidos serán abordados dun xeito global e interdisciplinar.

<b>No bloque 1</b>	Establécense os contidos comúns da área, facendo referencia ás distintas técnicas, estratexias e métodos de traballo que potencian e favorecen a
--------------------	--

	<p>adquisición de aprendizaxes sobre o coñecemento do medio por parte do alumnado. Polo tanto, este bloque constitúe o eixe fundamental para abordar os elementos curriculares dos outros bloques cun enfoque transversal.</p> <p>Supón, ademais, a iniciación no coñecemento científico, non como saber disciplinar senón como un conxunto de procesos, destrezas e actitudes que contribúen a explorar e comprender a realidade. O uso das ferramentas TIC tamén ten especial consideración neste bloque pois se considera recurso fundamental, entre outras fontes, para a busca de información, simulación de procesos e presentación de conclusións referidas ás Ciencias sociais. Por último, neste apartado destaca a importancia que ten o traballo en equipo.</p>
<b>O mundo no que vivimos</b>	<p>Realízase o estudo da xeografía, tanto da contorna próxima, achegando ao alumnado á realidade que coñece, como de contextos máis afastados para fomentar unha visión máis completa. No desenvolvemento deste bloque utilizaranse diferentes tipos de fontes xeográficas de información: textos, cadros e gráficos, esquemas, representacións cartográficas, fotografías e imaxes sintéticas para identificar e localizar obxectos e feitos xeográficos, facendo especial atención no territorio galego e español.</p>
<b>Vivir en sociedade</b>	<p>Será posible iniciar un proceso de comprensión das características dos distintos grupos sociais, respectando e valorando as súas diferenzas e ás persoas integrantes, a produción e reparto dos bens de consumo, sectores de produción, a vida económica dos cidadáns e cidadás, a capacidade emprendedora dos membros da sociedade e a función dinamizadora da actividade empresarial na sociedade, a organización social, política e territorial galega e española e o coñecemento do territorio, institucións e poboación europeas.</p>
<b>As pegadas do tempo</b>	<p>Traballarase a comprensión de conceptos como o tempo histórico e a súa medida, a capacidade de ordenar</p> <p>temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos relevantes, utilizando para iso as nocións básicas de</p> <p>sucesión, duración e simultaneidade a través da realización de cronogramas, liñas do tempo, mapas mentais,</p> <p>árbores xenealóxicas, biografías etc. Investigarase sobre as grandes etapas históricas da humanidade.</p>

#### 4.5-PROGRAMACIÓN DE EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)

ÁREA: EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)

Obxectivo	Contidos	Minimos esixibles	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización
<b>BLOQUE 1. EDUCACIÓN AUDIOVISUAL</b>					
j e b	B1.1. Indagación e apreciación das posibilidades plásticas e expresivas dos elementos naturais e artificiais do contexto próximo. B1.2. O contexto natural, artificial e artístico: posibilidades plásticas dos elementos naturais e o seu uso con fins expresivos. B1.3. Elaboración de protocolos para a observación sistemática de aspectos, calidades e características notorias e sutís das imaxes.	B1.1. Formula opinións cun criterio estético, oralmente ou por escrito, que expresen o respecto e a riqueza das achegas que ofrecen as manifestacións artísticas (plásticas, visuais ou musicais), apreciando as texturas, as formas, as liñas, as medidas e as cores.	EPB1.1.1. Observa e explica aspectos, calidades e características das obras artísticas seguindo un protocolo.	CCL CCEC CSC	1º trimestre
			EPB1.1.2. Utiliza a observación e a percepción visual para interpretar imaxes.	CCEC CAA	1º trimestre
			EPB1.1.3. Reflexiona sobre o proceso de elaboración dunha composición plástica.	CCEC CAA	1º trimestre
			EPB1.1.4. Recoñece materiais e recursos plásticos nas imaxes e nas composicións plásticas.	CCEC CCL	1º trimestre
			EPB1.1.5. Aprecia as diferenzas entre as formas xeométricas do seu contexto próximo.	CCEC CCL	1º trimestre
			EPB1.1.6. Analiza as posibilidades de texturas, formas, cores e materiais aplicados sobre soportes distintos.	CCEC CCL	1º trimestre
j e b	B1.4. Indagación sobre o uso artístico dos medios audiovisuais e tecnolóxicos para o traballo con fotografías. B1.5. Documentación sobre a evolución da fotografía e valoración das posibilidades do formato dixital actual. B1.6. Valoración do cine de animación como ferramenta de aprendizaxe. § B1.7. Secuenciación dunha	B1.2. Aproxímase á lectura, a análise e a interpretación da arte e as imaxes fixas e en movemento nos seus contextos culturais e históricos, comprendendo de maneira crítica o significado e a función social, con capacidade para elaborar imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos.	EPB1.2.1. Analiza de maneira sinxela e utilizando a terminoloxía axeitada imaxes fixas atendendo ao tamaño, ao formato e aos elementos básicos (puntos, rectas, planos, cores, luz e función).	CCEC CCL	1º trimestre
			EPB1.2.2. Coñece a evolución da fotografía desde o branco e negro á cor, do formato de papel ao dixital, e valora as posibilidades que trae consigo a fotografía.	CCEC CCL	1º trimestre
			EPB1.2.3. Recoñece os temas da fotografía.	CCEC CCL	1º trimestre
			EPB1.2.4. Realiza fotografías utilizando medios	CCEC CAA	1º trimestre

ÁREA: EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)

Obxectivo	Contidos	Minimos esixibles	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización
	<p>historia, unha novela e unha canción, con imaxes e textos explicativos.</p> <p>B1.8. Elaboración de carteis aplicando coñecementos</p> <p>B1.9. Iniciación a sinxelas obras de animación tendo en conta o son, a montaxe, o guión e a realización.</p>		tecnolóxicos, analizando a posteriori a adecuación do encadramento ao propósito inicial.	CCL	e
			§ EPB1.2.5. Recoñece o cine de animación como un xénero do cine e comenta o proceso empregado para a creación, a montaxe e a difusión dunha película de animación, realizado tanto coa técnica tradicional como coa técnica actual.	CCEC CCL CAA	1º trimestre
			EPB1.2.6. Secuencia unha historia en viñetas nas que incorpora imaxes e textos, seguindo o patrón do cómic.	CCEC CAA	1º trimestre
			EPB1.2.7. Realiza sinxelas obras de animación para familiarizarse cos conceptos elementais da creación audiovisual: guión, realización, montaxe, son.	CCEC CAA CD	1º trimestre
j i a	<p>B1.10. Valoración dos medios de comunicación e das novas tecnoloxías da información e da comunicación como instrumentos de coñecemento, produción e satisfacción.</p> <p>B1.11. Uso das tecnoloxías da información e da comunicación para coñecer as manifestacións do patrimonio cultural e artístico dos pobos (autores e autoras, obras e documentación).</p> <p>B1.12. Uso intencionado da imaxe como</p>	B1.3. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación de xeito responsable para a busca, creación e difusión de imaxes fixas e en movemento.	EPB1.3.1. Manexa programas informáticos sinxelos de elaboración e retoques de imaxes dixitais (copiar, pegar, modificar tamaño, cor, brillo, contraste, ...) que lle serven para a ilustración de textos.	CD CSC	1º trimestre
			EPB1.3.2. Coñece os protocolos de actuacións para a difusión de imaxes propias ou alleas, e respecta a propiedade intelectual de cada persoa..	CSC CD	1º trimestre

ÁREA: EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)

Obxectivo	Contidos	Minimos esixibles	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización
	instrumento de comunicación. B1.13. A protección de datos. Dereito á propia imaxe.				
<b>BLOQUE 2. EXPRESIÓN ARTÍSTICA</b>					
j b	B2.1. Aplicación de recursos gráficos para a expresión de emocións, ideas e accións. B2.2. Disposición á orixinalidade, a espontaneidade e a plasmación de ideas, sentimentos e vivencias de forma persoal e autónoma, na creación dunha obra artística. B2.3. Recreación de espazos, aplicando conceptos artísticos básicos (equilibrio e composición).	B2.1. Realiza producións plásticas seguindo pautas elementais do proceso creativo, experimentando, recoñecendo e diferenciando a expresividade dos diversos materiais e técnicas pictóricas e elixindo as máis axeitadas para a realización da obra prevista.	EPB2.1.1. Utiliza as técnicas de debuxo e/ou pictóricas máis axeitadas para as súas creacións, manexando os materiais e instrumentos de forma adecuada, coidando o material e o espazo de uso.	CCEC CAA	2º trimestre
			EPB2.1.2. Fai composicións que transmiten emocións básicas (calma, violencia, alegría, tristura etc.) coa axuda de diversos recursos para cada caso (claroscuro, puntos, liñas, cores etc.).	CCEC CAA	2º trimestre
			EPB2.1.3. Debuxa obxectos cotiáns, ideas, accións e situacións.	CCEC CAA	
			EPB2.1.4. Experimenta con materiais e texturas gráficas con creatividade e soltura.	CAA CCEC	
			EPB2.1.5. Valora os elementos e os recursos empregados para alcanzar o efecto que máis se axuste ás propias necesidades.	CAA CCEC	
			EPB2.1.6. Distingue e explica as características da cor en canto a súa luminosidade, tono e saturación, aplicándoas cun propósito concreto nas súas producións.	CAA CCEC	
			EPB2.1.7. Obtén diversas texturas a partir da aplicación da cor.	CAA CCEC	2º trimestre
			EPB2.1.8. Executa composicións pareadas nas que aparecen as cores complementarias respectivas.	CAA CCEC	

ÁREA: EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)

Obxectivos	Contidos	Minimos esixibles	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización
			EPB2.1.9. Debuxa formas, figuras e elementos do contexto con dimensións, proporcións, tamaños e cores axeitadas (paisaxe, bodegón etc.).	CCEC CAA	
			EPB2.1.10. Explica coa terminoloxía aprendida o propósito dos seus traballos e as características dos mesmos.	CCEC CCL	
j b	B2.4. Análise das formas de representación de volume. B2.5. Elaboración de obxectos tridimensionais con distintos materiais. B2.6. Comparación entre as formas que adopta a representación do espazo en diferentes áreas ou ámbitos.	B2.2. Representa volumes utilizando recursos como cores, claroscuros, corte, dobra e encartado.	EPB2.2.1. Representa con claroscuro a sensación espacial de composicións volumétricas sinxelas.	CCEC CAA	2º trimestre
			EPB2.2.2. Experimenta coa superposición de planos para crear volumes.	CCEC CAA	2º trimestre
			EPB2.2.3. Utiliza a liña horizontal como elemento expresivo para proporcionar sensación de profundidade.		2º trimestre
			EPB2.2.4. Fai obxectos tridimensionais utilizando o recorte, o encartado e o pegado de pezas de diversas formas, utilizando diversos tipos de materiais.	CCEC CAA	2º trimestre
d j	B2.7. Coñecemento e valoración de identificadores artísticos de diferentes culturas. B2.8. Interese por coñecer producións do patrimonio cultural e artístico dos pobos. B2.9. Valoración do patrimonio cultural e artístico para a satisfacción con eles e para a súa conservación. B2.10. Elaboración de documentos relacionados con obras, creadores e	B2.3. Coñece as manifestacións artísticas máis significativas que forman parte do patrimonio artístico e cultural, e adquire unha actitude de respecto e valoración dese patrimonio.	EPB2.3.1. Recoñece, respecta e valora as manifestacións artísticas máis importantes do patrimonio cultural e artístico español, nomeadamente aquelas que foron declaradas Patrimonio da Humanidade.	CSC CCEC	2º trimestre
			EPB2.3.2. Aprecia as posibilidades que ofrecen os museos de coñecer obras de arte expostas neles e goza con elas.	CSC CCEC	2º trimestre
			EPB2.3.3. Coñece algunha profesión do ámbito artístico, interésase polas características do traballo de	CSC CCEC	2º trimestre

ÁREA: EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)

Obxectivo	Contidos	Minimos esixibles	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización
	creadoras, e manifestacións artísticas.		artistas e artesáns ou artesás, e goza como público coa observación das súas producións.		
i j b	B2.11. Emprego dos medios audiovisuais e novas tecnoloxías da información e da comunicación para o tratamento de imaxes, deseño, animación e difusión dos traballos elaborados. B2.12. Preparación de documentos propios da comunicación artística.	B2.4. Utiliza as TIC para a busca e tratamento de imaxes, como ferramentas para deseñar documentos.	EPB2.4.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación como fonte de información e documentación para a creación de producións propias.	CD CCEC	2º trimestre
			EPB2.4.2. Manexa programas informáticos sinxelos de elaboración e retoques de imaxes dixitais (copiar, pegar; modificar tamaño, cor, brillo, contraste etc.) que serven para a ilustración de textos.	CD CCEC	2º trimestre
			EPB2.4.3. Elabora e prepara documentos propios da comunicación artística (carteis, guías ou programas).	CCEC CD	2º trimestre
a b j	B2.13. Elaboración de producións plásticas utilizando técnicas mixtas, elixindo as técnicas, os instrumentos e os materiais de acordo coas súas características e coa súa finalidade. B2.14. Asunción de responsabilidade no traballo propio (constancia e esixencia progresiva) e no traballo cooperativo (respecto polas achegas e as disposicións das demais persoas). B2.15. Realización individual ou en	B2.5. Realiza producións plásticas, participando con interese e aplicación no traballo individual ou de forma cooperativa, respectando os materiais, os utensilios e os espazos, desenvolvendo a iniciativa e a creatividade, e apreciando a correcta e precisa realización dos exercicios e das actividades, a orde e a limpeza, o respecto polas	EPB2.5.1. Produce obras plásticas, logo de escoller as técnicas e os instrumentos máis axeitados para conseguir unha finalidade determinada.	CCEC CAA	2º trimestre
			EPB2.5.2. Respecta os materiais, os utensilios e os espazos.	CSC CCEC	
			EPB2.5.3. Aмосa interese polo traballo individual e colabora no grupo para a consecución dun fin colectivo, respectando as iniciativas de cada compañeiro ou compañeira.	CSC CCEC	2º trimestre
			EPB 2.5.4. Participa con interese nas actividades propostas, apreciando a realización correcta, precisa, ordenada e limpa dos exercicios e das actividades.	CSC CCEC CAA	2º trimestre



ÁREA: EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)

Obxectivo	Contidos	Minimos esixibles	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización
	grupo, con establecemento de momentos de revisión e de reflexión sobre o proceso seguido.	normas, as regras e os/as compañeiros/as.			
<b>BLOQUE 3. DEBUXO XEOMÉTRICO</b>					
g b j	B3.1. Elaboración de composicións plásticas partindo de conceptos xeométricos da realidade do alumnado. B3.2. Uso da cuadrícula para coñecer e comprender o termo de escala. B3.3. Apreciación das posibilidades plásticas e expresivas das estruturas xeométricas. B3.4. Construción de estruturas e transformación de espazos usando nocións métricas e de perspectiva. B3.5. Uso dos instrumentos básicos do debuxo xeométrico para compor unha creación artística partindo dos polígonos elementais.	B3.1. Identifica conceptos xeométricos na realidade que rodea o alumnado, en relación cos conceptos xeométricos recollidos na área de matemáticas coa súa aplicación gráfica.	EPB3.1.1. Identifica os conceptos de horizontalidade e verticalidade, e utilízalos nas súas composicións con fins expresivos.	CCEC CAA CMCCT	3º trimestre
			EPB3.1.2. Traza rectas paralelas e perpendiculares, usando o escuadro e o cartabón.	CCEC CAA CMCCT	3º trimestre
			EPB3.1.3. Utiliza a regra considerando o milímetro como unidade de medida habitual aplicada ao debuxo técnico.	CCEC CMCCT	3º trimestre
			EPB3.1.4. Suma e resta segmentos utilizando a regra e o compás.	CMCCT CCEC	3º trimestre
			EPB3.1.5. Calcula graficamente a mediatriz dun segmento utilizando a regra e o compás.	CMCCT CCEC	3º trimestre
			EPB3.1.6. Traza círculos co compás coñecendo o raio.	CMCCT CCEC	3º trimestre
			EPB3.1.7. Divide a circunferencia en dúas, tres, catro e seis partes iguais, utilizando o material propio do debuxo técnico.	CMCCT CCEC	3º trimestre
			EPB3.1.8. Aplica a división da circunferencia á construción de estrelas e elementos florais aos que posteriormente lles dá cor.	CCEC CMCCT CAA	3º trimestre
			EPB3.1.9. Continúa series con motivos xeométricos (rectas e curvas) utilizando unha cuadrícula propia	CCEC CAA	3º trimestre

ÁREA: EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)

Obxectivo	Contidos	Minimos esixibles	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización
			facilitada cos instrumentos propios do debuxo técnico.		
			EPB3.1.10. Suma e resta ángulos de 90, 60, 45 e 30 graos utilizando o escuadro e o cartabón.	CMCCT	3º trimestre
			EPB3.1.11. Analiza a realidade descompóndoa en formas xeométricas básicas e trasladándoa a composicións bidimensionais.	CCEC CAA	3º trimestre
			EPB3.1.12. Identifica nunha obra bidimensional formas xeométricas simples.	CCEC CMCCT	3º trimestre
			EPB3.1.13. Realiza composicións utilizando formas xeométricas suxeridas polo ou pola docente.	CCEC CMCCT CSIEE	3º trimestre
			EPB3.1.14. Coñece e comprende o termo de escala e é capaz de aplicalo cambiando a escala dun debuxo sinxelo mediante o uso de cuadrícula.	CMCCT CCEC	3º trimestre
			EPB3.1.15. Recoñece, clasifica e constrúe os polígonos elementais, apreciando as súas diferenzas e similitudes.	CMCET CCEC	3º trimestre
j g b	B3.6. Exploración e uso adecuado do material de debuxo técnico, coa finalidade de atopar o máis apropiado para o resultado final.	B3.2. Iniciase no coñecemento e no manexo dos instrumentos e dos materiais propios do debuxo técnico, e empregalo adecuadamente.	EPB3.2.1. Coñece e aprecia o resultado da utilización correcta dos instrumentos de debuxo, e valora a precisión dos resultados.	CCEC CAA CMCCT	3º trimestre

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Realizar fotografías dixitais e editalas con fins educativos tendo en conta as normas básicas de difusión, modificando as características destas para utilizalas con outros fins expresivos.
2. Coñecer a evolución do cine de animación e as principais tendencias actuais.
3. Identificar os diferentes tipos de videoxogos, a súa historia e xéneros recoñecendo estes como ferramentas para a aprendizaxe.
4. Trazar rectas paralelas e perpendiculares coa escuadra e o cartabón.
5. Sumar e restar ángulos utilizando a escuadra e o cartabón.
6. Identificar os principais corpos xeométricos e construír estes a partir do seu desenvolvemento.
7. Medir os elementos dunha figura plana utilizando como unidade de medida o milímetro e copiar o debuxo utilizando os instrumentos de debuxo (regra, escuadra, cartabón e compás).
5. Coñecer a clasificación dos cuadriláteros atendendo ao paralelismo dos seus lados.
6. Coñecer o procedemento gráfico para a división da circunferencia en partes iguais pares (3, 4, 6 e 8), utilizándoo para a creación de estrelas e rosetón
7. Coñecer e comprender o termo de escala aplicándoo: cambiando de escala un debuxo sinxelo
8. Comprender as características dos corpos xeométricos, e construílos a partir dos seus desenvolvemento
9. Comprender a arte abstracta como unha forma de expresión distinta á que ofrece a representación figurativa
10. Definir e identificar as características da cor (ton, luminosidade e saturación) de forma oral e por escrito e utilizalas nas súas creacións variando de xeito intencionado as cores utilizadas.
11. Coñecer as posibilidades gráficas e a técnica do uso de rotuladores, ceras duras e blandas, pinturas diversas etc.
12. Coñecer as posibilidades plásticas de diversos materiais como pasta de papel, cartulinas, goma eva, fieltro, papeis diversos e outros materiais de reciclaxe.

## ACTIVIDADES TIPO

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; o docente pasa a ser un xestor de coñecemento dos alumnos e o alumno adquire un maior grao de protagonismo.

En concreto na área de Plástica:

O desenvolvemento desta área deberá permitir coñecer e apreciar as manifestacións artísticas para favorecer o desenvolvemento da súa percepción, sensibilidade, curiosidade e creatividade.

A metodoloxía utilizada en Educación artística, como non pode ser doutro modo, debe ser asumida desde a perspectiva de «saber facer», é dicir, os procesos de aprendizaxe han de realizarse a partir da propia experiencia, actuar con autonomía, poñer en marcha iniciativas, barallar posibilidades e solucións diversas; sendo o protagonista activo no proceso de sensibilización, apreciación e creación artística.

Dende esta perspectiva teremos en conta os valores creativos e expresivos (o neno/a debuxa, pinta, canta, baila, modela, toca un instrumento, dramatiza, presenta unha historia ou un xogo expresando os seus propios sentimentos e emocións...), e os valores perceptivos (o neno/a tamén contempla debuxos, cadros, esculturas, fotografías, películas, videoclips, escoita cancións, asiste a representacións teatrais, a festas, ao circo...). As linguaxes artísticas traballaranse a través de técnicas e de procedementos diversos dunha forma máis dinámica e creativa.

As actividades previstas a realizar serán fundamentalmente creativas:

- Elaboración de materiais para as actividades comúns do centro, (Samaín, magosto, nadal, entroido etc)
- Elaboración de traballos de pasta de papel.

#### **4. .6.- ÁREA DE VALORES.**

Os valores sociais e cívicos resultan fundamentais na nosa sociedade, para que as persoas poidan exercer a cidadanía democrática e participar na vida social. De ahí que se lle de unha grande importancia á construción da identidade individual e se potencien relacións interpersoais para favorecer a convivencia.

Garantiremos o dereito universal a recibir unha educación que lles permita desenvolverse plenamente nas súas posibilidades, formarse nos dereitos e liberdades fundamentais e prepararse para vivir responsablemente nunha sociedade tolerante coas diferencias.

Prepararemos ao alumnado para participar nunha cidadanía participativa e implicada na mellora da sociedade democrática. Esta formación inclúe a adquisición de competencias sociais e cívicas para formar parte dunha sociedade, cada vez, máis diversificada.

A área incita a construír un autoconcepto axustado e unha boa autoestima para tomar iniciativas persoais e responsables, vivindo con dignidade. Indúcese á empatía, ao respecto e á tolerancia, actuando de acordo cos dereitos e deberes fundamentais.

Favorécense os principios de xustiza, liberdade e seguridade, extensible a todos os pobos da terra. E a participar nunha vida cívica de forma pacífica e democrática.

## VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

### BLOQUE 1 .A IDENTIDADE E A DIGNIDADE PERSOAL.

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS AVALIACIÓN	ESTÁNDARES APRENDIZAXE	C. C.	MÍNIMOS EXIXIBLES	TEMPO REALIZACIÓN
m, k	B1.1. O autoconceito. A autovaloración; os trazos de personalidade. A autoconciencia emocional. A respectabilidade e a dignidade persoal. O estilo persoal positivo.	B1.1. Construír o estilo persoal baseándose na respectabilidade e na dignidade persoal.	VSCB1.1.1. Actúa de forma respectabile e digna.	CSC, CSIEE	Actúa de xeito responsable e digno	1º trimestre e todo o ano
m, a	B1.2. As emocións. Identificación, recoñecemento, expresión e verbalización. Causas e consecuencias. Asociación pensamento-emoción. B1.3. O autocontrol. A regulación dos sentimentos. As estratexias de reestruturación cognitiva. A resiliencia.	B1.2. Estructurar un pensamento efectivo e independente empregando as emocións de forma positiva.	VSCB1.2.1. Utiliza, de xeito guiado, estratexias de reestruturación cognitiva.	CAA	Aprende a pensar por si mesmo, argumentando.	
m, a	B1.2. As emocións. Identificación, recoñecemento, expresión e verbalización. Causas e consecuencias. Asociación pensamento-emoción. B1.3. O autocontrol. A regulación dos sentimentos. As estratexias de reestruturación cognitiva. A	B1.2. Estructurar un pensamento efectivo e independente empregando as emocións de forma positiva.	VSCB1.2.2. Aplica o autocontrol á toma de decisión e á resolución de conflitos.	CSC, CSIEE	Aprendemos a utilizar o autocontrol na nosa vida cotiá.	

## VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

	resiliencia.				
m, a	B1.2. As emocións. Identificación, recoñecemento, expresión e verbalización. Causas e consecuencias. Asociación pensamento-emoción. B1.3. O autocontrol. A regulación dos sentimentos. As estratexias de reestruturación cognitiva. A resiliencia.	B1.2. Estructurar un pensamento efectivo e independente empregando as emocións de forma positiva.	VSCB1.2.3. Expresa os seus sentimentos, necesidades e dereitos, á vez que respecta os dos e das demais nas actividades cooperativas.	CSC, CSIEE, CCL	Respecta aos demais e tolera diferentes formas de pensar, aínda que sexan distintas ás súas.
b	B1.4. A responsabilidade. O sentido do compromiso respecto a un mesmo e ás demais persoas. Valoración do erro como factor de aprendizaxe e mellora.	B1.3. Desenvolver o propio potencial, mantendo unha motivación intrínseca e esforzándose para o logro de éxitos individuais e compartidos.	VSCB1.3.1. Traballa en equipo valorando o esforzo individual e colectivo e asumindo compromisos para a consecución de obxectivos.	CSC, CSIEE	Traballa de forma grupal asumindo as súas tarefas e contribuíndo ao resultado final.
b	B1.4. A responsabilidade. O sentido do compromiso respecto a un mesmo e ás demais persoas. Valoración do erro como factor de aprendizaxe e mellora.	B1.3. Desenvolver o propio potencial, mantendo unha motivación intrínseca e esforzándose para o logro de éxitos individuais e compartidos.	VSCB1.3.2. Realiza unha autoavaliación responsable da execución das tarefas, expresando propostas de mellora.	CSC, CAA, CSIEE	É capaz de autoevaluarse obxectivamente, mellorando se fai falla.
b, m	B1.5. A autonomía persoal e a autoestima. Seguridade nun mesmo e nunha mesma, iniciativa, autonomía para a acción, confianza nas propias posibilidades. A	B1.4. Adquirir capacidades para tomar decisións de forma independente, manexando as dificultades para superar frustracións e sentimentos	VSCB1.4.1. Utiliza o pensamento creativo na análise de problemas e na formulación de propostas de actuación.	CSC, CSIEE	É capaz de formular propostas propias.

## VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

	toma de decisións persoal meditada. Tolerancia á frustración	negativos ante os problemas.			
b, m	B1.5. A autonomía persoal e a autoestima. Seguridade nun mesmo e nunha mesma, iniciativa, autonomía para a acción, confianza nas propias posibilidades. A toma de decisións persoal meditada. Tolerancia á frustración	B1.4. Adquirir capacidades para tomar decisións de forma independente, manexando as dificultades para superar frustracións e sentimentos negativos ante os problemas.	VSCB1.4.2. Sabe facer fronte á incerteza, ao medo ou ao fracaso.	CSC, CSIEE	Asume o posible fracaso e ofrece solucións para mellorar.
a, c	B1.6. A iniciativa. O emprendemento. A automotivación. A autoproposta de desafíos. A importancia da iniciativa privada na vida económica e social. B1.7. Busca e elaboración de información por diversas fontes.	B1.5. Desenvolver a autonomía e a capacidade de emprendemento para conseguir logros persoais responsabilizándose e do ben común.	VSCB1.5.1. Identifica, define problemas sociais e cívicos e achega solucións potencialment e efectivas.	CSIEE, CSC	É capaz de analizar problemas sociais cercanos e ofertar algún tipo de solución.
a, c	B1.6. A iniciativa. O emprendemento. A automotivación. A autoproposta de desafíos. A importancia da iniciativa privada na vida económica e social. B1.7. Busca e elaboración de información por diversas fontes.	B1.5. Desenvolver a autonomía e a capacidade de emprendemento para conseguir logros persoais responsabilizándose e do ben común.	VSCB1.5.2. Define e formula claramente problemas de convivencia e achega solucións potencialment e efectivas.	CSC, CCL	Mantén un dialogo fronte a problemas cotiás aportando solucións.
b	B1.8. A toma de decisións persoais meditadas: técnicas e recursos. Causas e consecuencias das accións propias. O	B1.6. Propoñerse desafíos e levalos a cabo mediante unha toma de decisión persoal, meditada e responsable,	VSCB1.6.1. Identifica vantaxes e inconvenientes dunha posible solución antes	CSC, CSIEE	Realiza unha listaxe de pros e contras efectiva á hora de tomar unha decisión.



## VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

	sentido do compromiso respecto a un mesmo e ás demais persoas.	desenvolvendo un bo sentido do compromiso respecto a un mesmo e ás demais persoas.	de tomar unha decisión ética.			
<b>BLOQUE 2. A COMPRENSIÓN E O RESPECTO NAS RELACIÓNS PERSONAIS.</b>						
m	B2.1. As habilidades de comunicación. A percepción e o emprego do espazo físico na comunicación. Os elementos da comunicación non verbal que favorecen o diálogo: ton de voz e maneira de falar. Adecuación a diferentes contextos.	B2.1. Expresar opinións, sentimentos e emocións, empregando coordinadamente a linguaxe verbal e non verbal.	VSCB2.1.1. Emprega apropiadamente os elementos da comunicación verbal e non verbal, para expresar con coherencia opinión, sentimentos e emocións.	CCL, CSC	Expresa sentimentos e emocións utilizando diferentes tipos de linguaxe.	Todo o ano
m	B2.1. As habilidades de comunicación. A percepción e o emprego do espazo físico na comunicación. Os elementos da comunicación non verbal que favorecen o diálogo: ton de voz e maneira de falar. Adecuación a diferentes contextos.	B2.1. Expresar opinións, sentimentos e emocións, empregando coordinadamente a linguaxe verbal e non verbal.	VSCB2.1.2. Emprega a comunicación verbal en relación coa non verbal en exposicións orais e debates.	CCL, CSC, CAA, CSIEE	Poarticipa en debates e exposicións de forma ordeada e clara.	
b, m, e	B2.2. Estratexias da linguaxe oral como instrumento de comunicación: escoitar, preguntar, argumentar.	B2.2. Utilizar habilidades de escoita e o pensamento de perspectiva con empatía.	VSCB2.2.1. Dialoga interpretando e dando sentido ao que oe.	CCL, CSC	É capaz de manter un diálogo.	
b, m, e	B2.2. Estratexias da linguaxe oral como instrumento de comunicación:	B2.2. Utilizar habilidades de escoita e o pensamento de	VSCB2.2.3. Colabora en proxectos grupais	CAA, CSIEE, CSC, CCL	Respecta aos compañeiros e compañeiras nas actividades	

## VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

	escoitar, preguntar, argumentar.	perspectiva con empatía.	escoitando activamente, demostrando interese polas outras persoas.		cooperativas.
c, m, e	B2.3. Os elementos da comunicación que favorecen o diálogo. Iniciación, mantemento e finalización de conversas. Identificación, recoñecemento e análise de hábitos que facilitan e dificultan a comunicación.	B2.3. Iniciar, manter e finalizar conversas cunha maneira de falar adecuada aos interlocutores e ao contexto, tendo en conta os factores que inhiben a comunicación para superar barreiras e os que permiten lograr proximidade.	VSCB2.3.1. Comunícase empregando expresións para mellorar a comunicación e facilitar o achegamento co seu interlocutor nas conversas.	CCL, CSC	Participa en actividades orais intentando ser entendido.
c, m, e	B2.3. Os elementos da comunicación que favorecen o diálogo. Iniciación, mantemento e finalización de conversas. Identificación, recoñecemento e análise de hábitos que facilitan e dificultan a comunicación.	B2.3. Iniciar, manter e finalizar conversas cunha maneira de falar adecuada aos interlocutores e ao contexto, tendo en conta os factores que inhiben a comunicación para superar barreiras e os que permiten lograr proximidade.	VSCB2.3.2. Comparte sentimentos durante o diálogo	CCL, CSC, CSIEE	Intentar manifestar os seus sentimentos ante un problema concreto.
c, m, e	B2.3. Os elementos da comunicación que favorecen o diálogo. Iniciación, mantemento e finalización de conversas. Identificación, recoñecemento e análise de hábitos que facilitan e dificultan a comunicación.	B2.3. Iniciar, manter e finalizar conversas cunha maneira de falar adecuada aos interlocutores e ao contexto, tendo en conta os factores que inhiben a comunicación para superar barreiras e os que permiten lograr proximidade.	VSCB2.3.3. Utiliza os elementos que contribúen ao diálogo.	CCL, CSC	Facilitar o diálogo na clase.
c, m, e	B2.3. Os elementos da comunicación que	B2.3. Iniciar, manter e finalizar conversas cunha	VSCB2.3.4.R ecoñece os elementos	CL, CSC	Recoñece situacións que non axudan na

## VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

	favorecen o diálogo. Iniciación, mantemento e finalización de conversas. Identificación, recoñecemento e análise de hábitos que facilitan e dificultan a comunicación.	maneira de falar adecuada aos interlocutores e ao contexto, tendo en conta os factores que inhiben a comunicación para superar barreiras e os que permiten lograr proximidade.	que bloquean a comunicación en diferentes situacións.		comunicación.	
e, m	B2.4. A aserción. Exposición e defensa das ideas propias con argumentos fundados e razoables empregando estratexias de comunicación construtivas.	B2.4. Empregar a aserción.	VSCB2.4.1. Realiza unha defensa tranquila e respectuosa das posicións persoais.	CCL, CSC, CSIEE	Dialoga de forma pacífica e controlada.	
b, m	B2.5. O diálogo. A busca do mellor argumento. A creación de pensamentos compartidos a través do diálogo. A inferencia e o sentido da expresión dos e das demais. A escoita activa e a axuda.	B2.5. Dialogar creando pensamentos compartidos con outras persoas para atopar o mellor argumento.	VSCB2.5.1. Infire, de xeito guiado, e dá o sentido adecuado á expresión das demais persoas.	CCL, CSC	Móstrase positivo ante a mensaxe allea.	
c, m	B2.6. A intelixencia interpersoal. A empatía: atención, escoita activa, observación e análise de comportamentos. O altruísmo.	B2.6. Establecer relacións interpersoais positivas empregando habilidades sociais.	VSCB2.6.1. Interacciona con empatía.	CSC, CCL, CSIEE	Sabe o que é a empatía	
c, m	B2.6. A intelixencia interpersoal. A empatía: atención, escoita activa, observación e análise de comportamentos. O altruísmo.	B2.6. Establecer relacións interpersoais positivas empregando habilidades sociais.	VSCB2.6.2. Emprega diferentes habilidades sociais.	CSC	Utiliza habilidades sociais no seu día a día.	

## VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

a, o	B2.7. O respecto, a tolerancia e a valoración do outro. As diferenzas culturais. Análise de situacións na escola e fóra dela que producen sentimentos positivos ou negativos no alumnado. B2.8. A diversidade. Respecto polos costumes e modos de vida diferentes ao propio.	B2.7. Actuar con tolerancia comprendendo e aceptando as diferenzas.	VSCB2.7.1.C Com-prende e aprecia positivamente as diferenzas culturais.	CSC	Valora as diferenzas culturais.	
c, m	B2.9. As condutas solidarias. A disposición de apertura cara aos demais: compartir puntos de vista e sentimentos. As dinámicas de cohesión de grupo. B2.10. Creación de textos empregando a linguaxe verbal e non verbal para comunicar ideas, sentimentos e situacións.	B2.8. Contribuír á mellora do clima do grupo amosando actitudes cooperativas e establecendo relacións respectuosas.	VSCB2.8.1. Forma parte activa das dinámicas do grupo.	CSC, CSIEE	Participa activamente nas actividades grupais.	
c, m	B2.9. As condutas solidarias. A disposición de apertura cara aos demais: compartir puntos de vista e sentimentos. As dinámicas de cohesión de grupo. B2.10. Creación de textos empregando a linguaxe verbal e non verbal para comunicar ideas, sentimentos e situacións.	B2.8. Contribuír á mellora do clima do grupo amosando actitudes cooperativas e establecendo relacións respectuosas.	VSCB2.8.2. Establece e mantén relacións emocionais amigables, baseadas no intercambio de afecto e a confianza mutua.	CSC, CSIEE	Establece relacións amigables cos compañeiros e compañeiras.	
c, m	B2.9. As condutas	B2.8. Contribuír á	VSCB2.8.3.	CSC,	Establece	

## VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

	solidarias. A disposición de apertura cara aos demais: compartir puntos de vista e sentimentos. As dinámicas de cohesión de grupo. B2.10. Creación de textos empregando a linguaxe verbal e non verbal para comunicar ideas, sentimentos e situacións.	mellora do clima do grupo amosando actitudes cooperativas e establecendo relacións respectuosas.	Consegue a aceptación dos compañeiros e compañeiras.	CSIEE	relacións respectuosas.	
--	--	--	--	-------	-------------------------	--

### BLOQUE 3. CONVIVENCIA E OS VALORES SOCIAIS.

b, m	B3.1. Aplicación dos valores cívicos en situacións de convivencia no contorno inmediato (familia, centro escolar, grupo, amizades, localidade). Desenvolvemento de actitudes de comprensión e solidariedade. Valoración do diálogo para solucionar os conflitos de intereses en relación coas demais persoas. B3.2 Responsabilidade no exercicio dos dereitos e dos deberes individuais nos grupos nos que se integra e participación nas tarefas e decisións.	B3.1. Resolver problemas en colaboración, poñendo de manifesto unha actitude aberta cara aos demais e compartindo puntos de vista e sentimentos.	VSCB3.1.1. Desenvolve proxectos e resolve problemas en colaboración.	CSC, CSIEE	Resolve problemas de comunicación	Todo o ano
b, m	B3.1. Aplicación dos valores cívicos en situacións de convivencia no	B3.1. Resolver problemas en colaboración, poñendo de	VSCB3.1.2. Pon de manifesto unha actitude	CSC, CSIEE	Axuda na resolución de problemas en grupo.	Todo ao ano

## VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

	<p>contorno inmediato (familia, centro escolar, grupo, amigos, localidade). Desenvolvemento de actitudes de comprensión e solidariedade. Valoración do diálogo para solucionar os conflitos de intereses en relación coas demais persoas. B3.2 Responsabilidade no exercicio dos dereitos e dos deberes individuais nos grupos nos que se integra e participación nas tarefas e decisións.</p>	<p>manifesto unha actitude aberta cara aos demais e compartindo puntos de vista e sentimentos.</p>	<p>aberta cara aos demais compartindo puntos de vista e sentimentos durante a interacción social na aula.</p>			
d, m	<p>B3.14. As diferenzas de sexo como un elemento enriquecedor. Análise das medidas que contribúen a un equilibrio de xénero e a unha auténtica igualdade de oportunidades. Identificación e rexeitamento de desigualdades entre mulleres e homes no mundo laboral e na vida cotiá.</p>	<p>B3.10. Participar activamente na vida cívica valorando a igualdade de dereitos e corresponsabilidade de homes e mulleres.</p>	<p>VSCB3.10.1. Axuíza criticamente actitudes de falta de respecto á igualdade de oportunidades de homes e mulleres.</p>	<p>CSC, CSIEE</p>	<p>Entende a igualdade de sexos e amosa actitudes respectuosas nese tema.</p>	
d, m	<p>B3.14. As diferenzas de sexo como un elemento enriquecedor. Análise das medidas que contribúen a un equilibrio de xénero</p>	<p>B3.10. Participar activamente na vida cívica valorando a igualdade de dereitos e corresponsabilidade de homes e</p>	<p>VSCB3.10.2. Colabora con persoas doutro sexo en diferentes situacións escolares.</p>	<p>CSC, CSIEE</p>	<p>Demostra igualdade entre sexos no seu desenvolvemento persoal.</p>	<p>1º trimestre</p>

## VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

	e a unha auténtica igualdade de oportunidades. Identificación e rexeitamento de desigualdades entre mulleres e homes no mundo laboral e na vida cotiá.	mulleres.				
d, m	B3.14. As diferenzas de sexo como un elemento enriquecedor. Análise das medidas que contribúen a un equilibrio de xénero e a unha auténtica igualdade de oportunidades. Identificación e rexeitamento de desigualdades entre mulleres e homes no mundo laboral e na vida cotiá.	B3.10. Participar activamente na vida cívica valorando a igualdade de dereitos e corresponsabilidades de homes e mulleres.	VSCB3.10.3. Realiza diferentes tipos de actividades independentemente do seu sexo.	CSC, CSIEE	Entende a igualdade de dereitos entre homes e mulleres.	
a	B3.15. Os valores sociais e a democracia. Os principios de convivencia que establecen o Estatuto de autonomía de Galicia e a Constitución española. Dereitos e deberes. Características que debe posuír unha sociedade democrática.	B3.11. Respetar os valores socialmente recoñecidos, coñecendo e apreciando os valores do Estatuto de autonomía e da Constitución española e os Dereitos e Deberes do Estatuto de autonomía e da Constitución española. Coñecer as institucións, organización e servizos públicos que garanten os dereitos e deberes dos cidadáns e cidadás no seu contorno.	VSCB3.11.1. Reflexiona sobre os dereitos e deberes da Constitución Española.	CSC	Reflexiona sobre os dereitos e deberes da Constitución Española.	3º trimestre



## VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

a	B3.15. Os valores sociais e a democracia. Os principios de convivencia que establecen o Estatuto de autonomía de Galicia e a Constitución española. Dereitos e deberes. Características que debe posuír unha sociedade democrática.	B3.11. Respetar os valores socialmente recoñecidos, coñecendo e apreciando os valores do Estatuto de autonomía e da Constitución española e os Dereitos e Deberes do Estatuto de autonomía e da Constitución española. Coñecer as institucións, organización e servizos públicos que garanten os dereitos e deberes dos cidadáns e cidadás no seu contorno.	VSCB3.11.2. Expresa a importancia de garantir os dereitos e deberes dos cidadáns e cidadás do seu contorno.	CSC, CCL	Entende a relación entre deberes e dereitos no seu día a día.
a	B3.15. Os valores sociais e a democracia. Os principios de convivencia que establecen o Estatuto de autonomía de Galicia e a Constitución española. Dereitos e deberes. Características que debe posuír unha sociedade democrática.	B3.11. Respetar os valores socialmente recoñecidos, coñecendo e apreciando os valores do Estatuto de autonomía e da Constitución española e os Dereitos e Deberes do Estatuto de autonomía e da Constitución española. Coñecer as institucións, organización e servizos públicos que garanten os dereitos e deberes dos cidadáns e cidadás no seu contorno.	VSCB3.11.3. Participa no benestar da contorna próxima baseándose nos dereitos e deberes dos cidadáns e cidadás.	CSC, CSIEE	Respecta os valores socialmente recoñecidos e recollidos en distintas leis
a	B3.16. Características da convivencia democrática. Valores cívicos na	B3.12. Coñecer e expresar as notas características da convivencia democrática e a	VSCB3.12.1. Expresa as notas características da	CSC, CCL	Vive seguindo os principios democráticos de convivencia.

## VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

	sociedade democrática: respecto, tolerancia, solidariedade, xustiza, cooperación e cultura de paz.	importancia dos valores cívicos na sociedade democrática realizando razoamentos críticos.	convivencia democrática.			
a	B3.16. Características da convivencia democrática. Valores cívicos na sociedade democrática: respecto, tolerancia, solidariedade, xustiza, cooperación e cultura de paz.	B3.12. Coñecer e expresar as notas características da convivencia democrática e a importancia dos valores cívicos na sociedade democrática realizando razoamentos críticos.	VSCB3.12.2. Argumenta a importancia dos valores cívicos na sociedade democrática.	CSC, CCL	Entende a necesidade dos valores democráticos no desenrolo diario.	
h, o, i	B3.17. O respecto e a conservación do medio ambiente. A actitude crítica ante a falta de respecto e conservación do medio ambiente. B3.18 Realización e interpretación de gráficos sinxelos	B3.13. Contribuír á conservación do medio ambiente mantendo unha actitude crítica ante as faltas de respecto.	VSCB3.13.1. Analiza, explica e expón as causas e consecuencias da intervención humana no medio.	CSC, CSIEE	Recoñece a intervención humana no medio.	2º trimestre
h, o, i	B3.17. O respecto e a conservación do medio ambiente. A actitude crítica ante a falta de respecto e conservación do medio ambiente. B3.18 Realización e interpretación de gráficos sinxelos	B3.13. Contribuír á conservación do medio ambiente mantendo unha actitude crítica ante as faltas de respecto.	VSCB3.13.3. Argumenta comportamentos de defensa e recuperación do equilibrio ecolóxico e de conservación do medio ambiente.	CSC, CCL	Utiliza fórmulas de conservación do medio ambiente.	
a, i	B3.19. Condutas responsables no uso das TIC: autonomía, autocontrol, seguridade, sentido ético. Análise da realidade que	B3.14. Empregar as novas tecnoloxías desenvolvendo valores sociais e cívicos en contornos seguros.	VSCB3.14.2. Coñece o emprego seguro das novas tecnoloxías.	CSC, CD	Coñece e emprega o uso ético das novas tecnoloxías	

## VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

	presentan os medios de comunicación para desenvolver a capacidade crítica e responsable.				
n	B3.20. A educación viaria. Respecto cara ás normas de mobilidade viaria. Identificación das causas e dos grupos de risco nos accidentes de tráfico. B3.21. Identificación de actitudes e de estratexias persoais e colectivas que contribúen a consolidar condutas e hábitos viarios correctos.	B3.15. Valorar as normas de seguridade viaria, analizando as causas e consecuencias dos accidentes de tráfico.	VSCB3.15.1. Colabora en campañas escolares sobre a importancia e a promoción do respecto das normas de educación viaria.	CSC, CSIEE	Coñece e aplica normas de educación viaria.
n	B3.20. A educación viaria. Respecto cara ás normas de mobilidade viaria. Identificación das causas e dos grupos de risco nos accidentes de tráfico. B3.21. Identificación de actitudes e de estratexias persoais e colectivas que contribúen a consolidar condutas e hábitos viarios correctos.	B3.15. Valorar as normas de seguridade viaria, analizando as causas e consecuencias dos accidentes de tráfico.	VSCB3.15.3. Investiga sobre as principais causas dos accidentes de tráfico coa axuda das novas tecnoloxías.	CSC, CD, CAA	Coñece causas de accidentes de tráfico utilizando diferentes tipos de soportes.
n	B3.22. Busca, selección, análise e elaboración de informacións en relación cos accidentes de tráfico. B3.23. Comunicación da información	B3.16. Investigar sobre a prevención de accidentes de tráfico xerando iniciativas e alternativas persoais.	VSCB3.16.2. Reflexiona sobre o modo no que se poderían evitar accidentes de tráfico e expón as súas	CSC, CCL	Aporta solucións a diferentes actitudes que provocan accidentes de tráfico.

## VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

	<p>elaborada por diferentes medios B3.24. Identificación de actitudes e estratexias individuais e colectivas de prevención de riscos viarios.</p>		<p>conclusionés.</p>			
b	<p>B3.3. A interdependencia e a cooperación. A interdependencia positiva e a participación equitativa. As condutas solidarias. A aceptación incondicional do outro. A resolución de problemas en colaboración. Compensación de carencias dos e das demais. A disposición de apertura cara ao outro, o compartir puntos de vista e sentimentos. B3.4. Estruturas e técnicas da aprendizaxe cooperativa.</p>	<p>B3.2. Traballar en equipo favorecendo a interdependencia positiva e amosando condutas solidarias.</p>	<p>VSCB3.2.1. Amosa boa disposición para ofrecer e recibir axuda para a aprendizaxe.</p>	<p>CAA, CSIEE, CSC</p>	<p>Gusta de ser axudado e axudar.</p>	<p>Todo o ano</p>
b	<p>B3.3. A interdependencia e a cooperación. A interdependencia positiva e a participación equitativa. As condutas solidarias. A aceptación incondicional do outro. A resolución de problemas en colaboración. Compensación de</p>	<p>B3.2. Traballar en equipo favorecendo a interdependencia positiva e amosando condutas solidarias.</p>	<p>VSCB3.2.2. Recorre ás estratexias de axuda entre iguais.</p>	<p>CAA, CSIEE, CSC</p>	<p>Amosa interese na axuda a compañeiros e compañeiros fronte a diferentes problemas.</p>	

## VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

	carencias dos e das demais. A disposición de apertura cara ao outro, o compartir puntos de vista e sentimentos. B3.4. Estruturas e técnicas da aprendizaxe cooperativa.					
b	B3.3. A interdependencia e a cooperación. A interdependencia positiva e a participación equitativa. As condutas solidarias. A aceptación incondicional do outro. A resolución de problemas en colaboración. Compensación de carencias dos e das demais. A disposición de apertura cara ao outro, o compartir puntos de vista e sentimentos. B3.4. Estruturas e técnicas da aprendizaxe cooperativa.	B3.2. Traballar en equipo favorecendo a interdependencia positiva e amosando condutas solidarias.	VSCB3.2.3. Respecta as regras durante o traballo en equipo.	CSC	Traballa en equipo de forma eficiente.	
a	B3.5. Valoración da necesidade de normas compartidas que regulan a convivencia frutífera no ámbito social. Elaboración de normas de convivencia da aula e do centro positivas, facilitadoras e asumidas polo	B3.3. Implicarse na elaboración e no respecto das normas da comunidade educativa empregando o sistema de valores persoal que constrúe a partir dos valores universais.	VSCB3.3.1. Argumenta a necesidade de que existan normas de convivencia nos diferentes espazos de interacción social.	CCL, CSC	Entende para que serven as normas de convivencia e o porqué delas.	

## VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

	grupo e pola comunidade.				
a	B3.5. Valoración da necesidade de normas compartidas que regulan a convivencia frutífera no ámbito social. Elaboración de normas de convivencia da aula e do centro positivas, facilitadoras e asumidas polo grupo e pola comunidade.	B3.3. Implicarse na elaboración e no respecto das normas da comunidade educativa empregando o sistema de valores persoal que constrúe a partir dos valores universais.	VSCB3.3.2. Participa na elaboración das normas da aula.	CCL, CSC, CSIEE	Elabora en grupo normas de aula.
a	B3.5. Valoración da necesidade de normas compartidas que regulan a convivencia frutífera no ámbito social. Elaboración de normas de convivencia da aula e do centro positivas, facilitadoras e asumidas polo grupo e pola comunidade.	B3.3. Implicarse na elaboración e no respecto das normas da comunidade educativa empregando o sistema de valores persoal que constrúe a partir dos valores universais.	VSCB3.3.3. Respecta as normas do centro escolar.	CSC	Respecta as normas do centro escolar.
c, m	B3.6. A resolución de conflitos. A linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais. As fases da mediación formal. A transformación do conflito en oportunidade.	B3.4. Participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática transformando o conflito en oportunidade, coñecendo e empregando as fases da mediación e usando a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos	VSCB3.4.1. Resolve os conflitos de modo construtivo.	CSC, CSIEE	Resolve conflitos de forma pacífica.

## VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

		persoais.			
c, m	B3.6. A resolución de conflitos. A linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais. As fases da mediación formal. A transformación do conflito en oportunidade.	B3.4. Participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática transformando o conflito en oportunidade, coñecendo e empregando as fases da mediación e usando a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais.	VSCB3.4.2. Sigue as fases da mediación en situacións reais e simulacións.	CSC, CSIEE	Entende as fases de mediación en diferentes situacións
c, m	B3.6. A resolución de conflitos. A linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais. As fases da mediación formal. A transformación do conflito en oportunidade.	B3.4. Participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática transformando o conflito en oportunidade, coñecendo e empregando as fases da mediación e usando a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais.	VSCB3.4.3.M anexa a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos nas relacións interpersoais.	CCL, CSC	Participa de forma pacífica na vida do centro.
c, m	B3.6. A resolución de conflitos. A linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais. As fases da mediación formal. A transformación do conflito en oportunidade.	B3.4. Participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática transformando o conflito en oportunidade, coñecendo e empregando as fases da mediación e usando a linguaxe positiva na comunicación	VSCB3.4.4. Analiza as emocións, sentimentos, posibles pensamentos e puntos de vista das partes en conflito.	CSC, CSIEE	Entende diferentes puntos de vista ante un problema.



## VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

		de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais.			
d	B3.7. A responsabilidade social e a xustiza social. Identificación e análise crítico das causas que provocan situacións de marxinação, de discriminación e de inxustiza social.	B3.5. Comprender o sentido da responsabilidade social e a xustiza social empregando a capacidade de reflexión, síntese e estruturación.	VSCB3.5.2. Identifica e analiza criticamente desigualdades sociais.	CSC, CSIEE	Identifica algunha desigualdade social
d	B3.7. A responsabilidade social e a xustiza social. Identificación e análise crítico das causas que provocan situacións de marxinação, de discriminación e de inxustiza social.	B3.5. Comprender o sentido da responsabilidade social e a xustiza social empregando a capacidade de reflexión, síntese e estruturación.	VSCB3.5.3. Describe condutas solidarias.	CSC, CCL	Pon en práctica condutas solidarias
a, m	B3.8. Desenvolvemento de actitudes de comprensión, de superación de prexuízos e de estereotipos, de cooperación e de solidariedade ante problemas e necesidades doutras persoas. Protección e amparo das persoas máis desfavorecidas.	B3.6. Practicar o altruísmo no contorno próximo sensibilizando sobre o seu valor.	VSCB3.6.3. Colabora en causas altruístas en colaboración coa comunidade educativa	CSC, CSIEE	Colabora en causas altruístas en colaboración coa comunidade educativa
a, d	B3.10. Os dereitos e deberes. A Declaración Universal dos Dereitos Humanos: liberdade de expresión e	B3.8. Respetar os valores universais comprendendo a necesidade de garantir os dereitos básicos de todas as persoas.	VSCB3.8.2.Ex pón a importancia de que todas as persoas gocen dos dereitos	CSC, CCL	Coñece os dereitos humanos das persoas.

## VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

	opinión. A liberdade de pensamento, de conciencia e de relixión. A análise de feitos discriminatorios: maltrato. Exclusiones das minorías.		básicos: saúde, benestar, alimentación, vestido, vivenda e asistencia médica.			
a, d	B3.10. Os dereitos e deberes. A Declaración Universal dos Dereitos Humanos: liberdade de expresión e opinión. A liberdade de pensamento, de conciencia e de relixión. A análise de feitos discriminatorios: maltrato. Exclusiones das minorías.	B3.8. Respetar os valores universais comprendendo a necesidade de garantir os dereitos básicos de todas as persoas.	VSCB3.8.3. Axuíza criticamente as circunstancias de persoas que viven en situacións de privación dos dereitos básicos.	CSC, CSIEE	Participa en debates sobre os dereitos das persoas	
a, d	B3.11. Convivencia pacífica en sociedade e valores nos que se apoia: respecto, tolerancia, solidariedade, xustiza, compromiso, cooperación e cultura de paz. Identificación, recoñecemento e análise de hábitos que facilitan e dificultan a convivencia e o benestar dos grupos sociais. B3.12. Formas de discriminación: racismo, xenofobia, homofobia, transfobia, desigualdade de oportunidades.	B3.9. Comprender a declaración da igualdade de dereitos e a non discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, aplicándoa á análise do contorno social.	VSCB3.9.2. Descubre e axuíza criticamente casos próximos de desigualdade e discriminación .	CSC, CSIEE	Rexeita a discriminación e desigualdades sociais por calquera motivo.	

## VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

B3.13. Feitos discriminatorios: maltrato, exclusión de minorías étnicas, campos de concentración, o holocausto e segregación por enfermidade. Análise.						
--	--	--	--	--	--	--

### ACTIVIDADES TIPO

É fundamental na área de valores sociais e cívicos, o aproveitamento dos recursos humanos que nos ofrece a propia actividade cos alumnos e alumnas.

- ✓ Os contidos desta área están interrelacionados co resto das áreas polo que se potenciará un enfoque globalizador e interdisciplinario que teña en conta a transversalidade da aprendizaxe baseada en competencias.
- ✓ Traballaranse con actividades tipo, fichas feitas pola mestra desta área, películas, contos, exercicios do libro, material estandar.....
- ✓ Realizarán tarefas integradas que faciliten a contextualización de aprendizaxes, proxectos, pequenas investigacións, actividades de experimentación, resolución de problemas concretos, realización de debates sobre temas de actualidade, onde o alumnado avance no desempeño das competencias clave ao longo da etapa, elixindo en cada caso a metodoloxía axeitada en función das necesidades
- ✓ Traballarán a aprendizaxe, nalgún caso, de forma cooperativa posibilitando a resolución conxunta de tarefas, proxectos e investigacións, fomentarán hábitos de traballo en equipo, a resolución pacífica de conflitos e potenciarán unha axeitada atención á diversidade.

### 5.- PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN NAS DIFERENTES ÁREAS

Os criterios de avaliación son un conxunto de acordos que concretan e adaptan ao

contexto do Centro docente os criterios xerais de avaliación establecidos na normativa vixente que resulte de aplicación.

- Durante o primeiro mes do curso escolar realizarase unha avaliación inicial do alumnado. A devandita avaliación incluírá a análise dos informes persoais da etapa ou nivel anterior correspondentes ao alumnado, que se completarán con outros datos obtidos pola titora sobre o punto de partida dende o que o alumno ou alumna inicia as novas aprendizaxes.
- Tras esa avaliación inicial, os titores realizarán unha valoración dos resultados e en reunión co equipo docente e Departamento de Orientación adoptaranse as medidas de reforzo, apoio e recuperación para o alumnado que o necesite. Estes alumnos e as medidas tamén quedarán reflectidos no informe que emitirán os titores. Á reunión asistirán tamén o Orientador/a.
- Os procedementos formais de avaliación, criterios comúns, a súa natureza, aplicación e criterios de corrección e cualificación serán dados a coñecer aos alumnos nos primeiros días do curso polos distintos profesores das materias, así como aos pais ou titores legais no primeiro trimestre do curso (en reunión de pais de principio de curso).
- No proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno/a non sexa adecuado estableceranse medidas de reforzo educativo ou adaptación curricular e adoptaranse en calquera momento do curso.

O alumnado promocionará ao nivel ou etapa seguinte sempre que o equipo docente considere que alcanzou o desenvolvemento correspondente das competencias básicas e o axeitado grao de madureza.

Así mesmo promoverá sempre que as aprendizaxes non alcanzadas non lle impidan seguir con aproveitamento o novo nivel ou etapa.

A decisión de promoción dun alumno/a tomaraa o equipo docente de forma colexiada. Para esta decisión, haberá que ter tomado especial consideración a opinión do titor ou titora.

Este proceso contará en todo momento co asesoramento do Gabinete de Orientación.

Na sesión de avaliación para a decisión de promoción, o equipo docente estudará por separado cada caso tendo en conta a singularidade de cada alumno ou alumna, atendendo á natureza das súas dificultades e analizando se estas lle impiden verdadeiramente seguir con éxito o curso seguinte, así como as expectativas favorables de recuperación.

O alumno/a poderá permanecer unha soa vez en Educación Primaria. Esta medida poderase adoptar unha soa vez ao longo da Educación Primaria e irá acompañada dun plan específico de reforzo ou recuperación. No caso que fora necesaria unha segunda permanencia (extraordinaria) en Educación Primaria, será determinante o asesoramento e decisión do Gabinete de Orientación do Centro.

Os criterios de promoción serán establecidos atendendo á adquisición das competencias clave, a consecución dos obxectivos xerais de ciclo e ás posibilidades de progreso do alumnado.

Polo tanto, un alumno/a non promocionará á seguinte etapa ou nivel se non superou máis de dúas áreas e tampouco con dúas se son Lingua Castelá ou Lingua Galega e Matemáticas.

En caso de que se formule a promoción con outras áreas que non sexan os casos anteriormente citados teremos en conta a adquisición das competencias claves, a consecución dos obxectivos xerais da etapa e ás posibilidades de progreso do alumnado.

## CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

O procedemento seguido polo profesor para obter a cualificación dependerá ,en términos xerais a todas as áreas, de varios aspectos, e na porcentaxe que, de xeito flexible como corresponde a unha avaliación consensuada por todo o profesorado implicado nesta, se recolle na seguinte relación:

<b>Instrumentos e criterios de avaliación</b>	<b>Indicadores de logro</b>	<b>Porcentaxes</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Rexistro de exames/probas</li> <li>- Exposicións orais</li> <li>- Traballos escritos</li> <li>- Lecturas</li> <li>- Caligrafía e ortografía</li> <li>- Coñecemento dos contidos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Valoración da aprendizaxe de contidos</li> <li>- Valoración dos resultados obtidos</li> <li>- Caligrafía lexible.</li> <li>- Ortografía correcta.</li> </ul>	50 %
	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Autonomía na realización das tarefas</li> <li>-Calidade e estimación do tempo invertido nas tarefas e traballos.</li> <li>- Adquisición, coñecemento e aprendizaxe dos contidos.</li> <li>- Atención ás explicacións e interese no proceso de ensinanza-aprendizaxe.</li> </ul>	10 %
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Rexistro e observación do traballo diario na aula</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Realización de tarefas, traballos, e actividades realizadas.</li> <li>- Orde, limpeza, presentación das tarefas nos cadernos e nos traballos.</li> <li>- Caligrafía.</li> <li>- Ortografía correcta nos cadernos e traballos.</li> <li>- Esfuerzo, interese, motivación e disposición na aprendizaxe.</li> <li>- Iniciativa na realización das tarefas.</li> <li>- Corrección das tarefas na aula.</li> <li>- Participación activa e positiva na aula.</li> </ul>	20 %
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Observación e Rexistro da actitude e conduta</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Ter unha conduta adecuada.</li> <li>- Prestar atención aos mestres e compañeiros.</li> <li>- Saber ser e saber estar.</li> <li>- Cumprir as normas da aula e do centro.</li> <li>- Amosar compañeirismo. Iniciativa no traballo propio e dos compañeiros.</li> </ul>	20 %

- Respecto aos mestres e compañeiros.
- Saber comportarse en todo momento.

- A presentación de traballos individuais ou en grupo serán calificados do seguinte xeito: Se están ben realizados subirá 0,5 puntos a nota do alumno ou alumna na avaliación que estea en curso e na área na que foran requeridos. Se no están ben realizados, principalmente por contido non axeitado, non contarán. Se non se presentan en tempo e forma consensuada na aula, eses traballos poderán restar 0,5 puntos da nota final da avaliación na área onde se deberían ter presentados.
- A ortografía tamén puntuará en todas as áreas, non soamente nas linguas. En cada proba escrita contaránse as faltas de ortografía que o alumno ou alumna cometa, restando 0,1 por falta da nota final. De todos os xeitos, se se aprecia unha melloría importante neste campo, os discentes poderán conservar as notas iniciais de cada proba.

Este procedemento na obtención da cualificación se especifica en cada unha das áreas nos aspectos que, segundo o proceso educativo, se valorarán máis, así pois:

**Nas áreas das linguas**, valoraranse aqueles aspectos relativos ás técnicas instrumentais: lectura regular e comprensiva, ortografía, expresión oral e escritas como imprescindibles para promocionar.

Os conceptos correspondentes ao nivel de ciclo: morfoloxía, sintaxe, léxico complementarán nunha porcentaxe proporcional aos primeiros, incluíndo a valoración xeral mencionada con anterioridade.

**Na área de Matemáticas** aplicarase o mesmo criterio, en aspectos como cálculo, comprensión de conceptos e resolución de problemas.

**Na área de Ciencias Sociais e Ciencias Naturais**, valoraranse tanto os coñecementos recollidos nos controles regulares, aqueles traballos de investigación que os nenos e nenas realicen tal e como explicamos anteriormente.

**Na área de plástica e valores** teremos en conta a participación, a implicación en proxectos e a presentación das diferentes actividades como parte importante da valoración das áreas.

## **6.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.**

- Libros de texto.
- Libros de lecturas.
- Biblioteca do centro.
- Materiais específicos por área.
- Xornais.
- Revistas.
- Fotografías.
- Biblioteca de aula.
- Páxinas web.
- Proxector de aula.
- Ordenadores.
- Aula virtual.....

## 7- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Para facilitar os avances individuais teranse en conta os coñecementos previos do alumnado e a súa actitude ante os diferentes contidos para que o proceso de adquisición de novos contidos siga un proceso natural.

Dáse una especial importancia ao autocoñecemento e ao respecto así como a traballar a intelixencia emocional, os xogos cooperativos e a resolución pacífica de conflitos.

Propóñense actividades de **reforzo** para os alumnos que necesiten afianzar conceptos e de **ampliación** para aqueles que rematen axiña as actividades e poden ampliar contidos.

Para que o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que requira unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e as competencias da etapa, estableceranse as medidas curriculares e organizativas oportunas que aseguren o seu progreso axeitado, de conformidade co disposto nos artigos 71 a 79 bis da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

Entre as medidas indicadas na epígrafe anterior considéranse as que garantan que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

A escolarización do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo rexerese polos principios de normalización e inclusión e asegurará a súa non-discriminación e a igualdade



efectiva no acceso e permanencia no sistema educativo.

A identificación e valoración do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e, de ser o caso, a intervención educativa derivada desa valoración, realizarase da forma máis temperá posible. Os centros docentes deberán adoptar as medidas necesarias para facer realidade esa identificación, valoración e intervención.

Estableceranse os procedementos oportunos cando sexa necesario realizar adaptacións significativas dos elementos do currículo dese alumnado. Estas adaptacións se realizarán buscando o máximo desenvolvemento posible das competencias clave, e a avaliación continua e a promoción tomarán como referente os elementos fixados nas devanditas adaptacións.

A escolarización do alumnado con altas capacidades intelectuais, identificado como tal segundo o procedemento e nos termos que estableza a consellería competente en materia de educación, flexibilizarase nos termos que determine a normativa vixente. Esta flexibilización poderá incluír tanto a impartición de contidos e a adquisición de competencias propias de cursos superiores como a ampliación de contidos e competencias do curso corrente, así como outras medidas. Os plans de actuación, así como os programas de enriquecemento curricular adecuados ás necesidades do alumnado con altas capacidades intelectuais, que lle corresponde adoptar á consellería competente en materia de educación, permitirán desenvolver ao máximo as capacidades deste alumnado e terán en consideración o seu ritmo e o estilo de aprendizaxe, así como o daquel alumnado especialmente motivado pola aprendizaxe.

Adaptacións curriculares.

A Adaptación Curricular (Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeneral) é un proceso de toma de decisión sobre os elementos do currículo para dar respostas educativas ás necesidades dos alumnos mediante a realización de modificacións nos elementos de acceso ao currículo y/o nos mesmos elementos que o constitúen.

A aplicación e cumprimento das adaptacións curriculares serán responsabilidade dos titores e profesores segundo acordos adoptados. Levarase a cabo unha avaliación continua, formativa e sistemática na que, se fose necesario, colaborará o departamento de orientación.

Os resultados das distintas avaliacións e as calificacións obtidas reflectirase, como ó resto dos alumnos do centro, no boletín de información ós pais e nais. Nestes deberán recollese os obxectivos e contidos do nivel no que se atope o alumno, os obxectivos e contidos adaptados recollidos na súa adaptación curricular e as calificacións obtidas. Serán os titores e os distintos profesores, de apoio e de áreas, os encargados de emitir dito boletín.

## 8.- ACCIÓNS PREVISTAS DE ACORDO CO PROXECTO LECTOR

A competencia lectora desenvólvese desde todas e cada unha das áreas e materias. A comprensión lectora trabállase basicamente con textos de todo tipo e cuxo fin vai desde a comprensión global dun texto ata a procura de información concreta.

Obxectivos do noso proxecto lector, entre outros, son:

Fomentar o gusto pola lectura.

Descubrir o pracer de ler.

Implicar as familias na animación á lectura

Favorecer a expresión oral e escrita.

Dinamizar espazos para a lectura no centro escolar.

Crear tempos para a lectura durante as clases.

Coa nova lei de educación leremos todos os días media hora, comentando en común as palabras descoñecidas e xenerando murais de vocabulario.

Traballarase a habilidade de facer esquemas e resumos a partir das ideas principais do texto.

Tamén buscaremos noticias en periódicos e revistas sobre os contidos traballados e a elaboración de murais.

Así mesmo usaremos libros da biblioteca de aula e da biblioteca do colexio.

As habilidades lectoras empregadas son: Recoñecer o significado dunha palabra polo contexto, utilizar o dicionario para buscar o significado dunha palabra descoñecida, recoñecer ideas expresadas indirectamente nun texto, relacionar as ideas dun texto, resumir un texto, completar un esquema das partes do texto.

## 9.- CONCRECIÓN DO PLAN DAS TICS

Para conseguir a paulatina capacitación do alumnado nas competencias básicas que se pretenden, cara a súa formación como cidadáns activos e solidarios, empregaránse cun enfoque funcional as distintas tecnoloxías da comunicación e da información para incidir en aspectos específicos de estes soportes e linguaxes de cara a unha utilización eficaz, comprensiva e ética deles.

Tratando de que o alumnado acade unha competencia dixital, desenvolvendo habilidades de búsqueda e obtención de información, cada clase disporá, alomenos, dunha hora semanal na

aula de informática. Usaremos distintos software educativo. Ó mesmo tempo pódenos servir como recurso de búsqueda nos que unhas veces iremos xuntos a aula de informática e outras animaremos ao alumnado a que realicen a búsqueda en casa coa axuda da familia.

Entre os obxectivos específicos a acadar para o noso alumnado destacamos os seguintes:

Favorecer un uso máis educativo dos medios tecnolóxicos.

Espertar o interese por aprender ao apoiarse nun soporte audiovisual de comunicación.

Desenvolver o sentido crítico respecto á información recibida destes medios.

Fomentar o traballo cooperativo (parella, pequeno grupo) entre o alumnado.

Facilitar a comunicación do alumnado cos seus compañeiros de clase, do colexio, doutros colexios, doutras cidades, países, etc

Potenciar a inclusión do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo mediante o manexo de materiais adaptados e flexibles.

Tomar contacto coa nova forma de aprender.

Cofecer e utilizar diferentes programas.

Tomar conciencia de que as novas estratexias adquiridas son a base para a aprendizaxe autónoma do alumno ao longo de toda a súa vida.

## **10.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGÜÍSTICO**

A competencia lingüística trabállase desde cada área e materia. A expresión oral e escrita e a comprensión oral son a ferramenta básica para que a comunicación eficaz na aula esté garantida.

As actividades que se van organizar para a dinamización da lingua galega serán determinadas polo EDLG ao inicio de cada curso e serán incorporadas na Programación Anual do Centro. Ditas actividades deberán estar relacionadas cos seguintes aspectos:

Mellorar o contexto sociolingüístico de centro en lingua galega

Maior emprego da lingua galega por parte do alumnado e profesorado

Maior presenza ambiental do galego no centro.

Colaboraremos polo tanto en calquera actividade que presente dito equipo no centro

## **11.- CONTRIBUCIÓN DA ÁREA AO DESENVOLVEMENTO DO PLAN DE CONVIVENCIA**

Consideramos que a convivencia é un obxectivo formativo en si mesmo e fundamental no

proceso educativo e non só un conxunto de normas disciplinarias. Por iso se deben establecer canles para a aprendizaxe da convivencia dialogada e pacífica.

As medidas e estratexias para mellorar a convivencia han de desenvolverse nun marco protector amplo que recolla medidas de carácter educativo e organizativo. Por iso consideramos que as medidas que detaiamos a continuación recollen os aspectos básicos e esenciais necesarios para realizar un bo plantexamento da convivencia.

Establecemos pois as seguintes medidas:

En cada titoría se presentan as normas claras de convivencia mediante murais alusivos para que sexan comprendidas polos alumnos incidindo naqueles aspectos que o precisen máis.

Incorporamos contidos relacionados coas habilidades sociais, a autoestima, a resolución pacífica de conflitos e a dinámica de grupos, procurando que se poñan en evidencia estes contidos e abordando, mediante a participación do grupo clase, sesións de valoración da convivencia.

Fomentaremos a aprendizaxe cooperativa mediante a monitorización.

Facemos un reparto equilibrado de responsabilidades e tarefas mediante a figura dos “encargados/as”, que irán rotando ao longo do curso.

Favoreceremos a autoestima cando se detecten situacións de infravaloración.

Crearemos un clima de confianza aceptando as suxerencias dos alumnos/as.

Rexeitaremos as actividades grupais discriminatorias á hora de traballar en equipo, fomentando o compañeirismo.

Fomentaremos a participación do grupo-clase, en tarefas e responsabilidades do coidado do centro relativas aos espazos comúns (biblioteca, pasillos, patios, baños,...), cun plantexamento positivo.

Celebraremos o “Día da non violencia e a paz”, mediante actividades lúdicas e de cooperación relativas ao tema.

Nas horas de titoría adicadas as entrevistas aos pais favoreceremos as súas colaboracións, implicándoas nos procesos relativos aos temas de convivencia.

## **12.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.**

Prográmanse na medida que sexa posible, visitas culturais, exposicións, representacións teatrais, animación a lectura, etc... entre as ofertadas pola consellería ou polo concello e as que podamos asistir ao longo do curso e que polo momento están sen especificar esperando que se podan realizar ao longo dos tres trimestres e sempre que non signifique un desembolso

importante para todas as familias.

Participaremos nos actos que programe o centro nas celebracións escolares: Magosto, Samaín, Constitución, Día da Paz, Entroido, Día da lectura, Letras Galegas... nos que a lingua teña una importancia capital.

De forma paralela concienciarase ao alumnado de que as actividades propostas forman parte do currículo das distintas áreas, non sendo simplemente saídas ou festas ocasionais.

Para que poidan participar nas que son fora do Centro, será necesaria unha autorización firmada polos pais ou tutores legais. A falla desta autorización exclúe ao alumno da actividade prevista. Cada titor conservará a mencionada autorización ata o final da actividade.

O centro ten unha Programación Xeral Anual de actividades extraescolares na que este nivel participa en todos os actos e actividades nas que poñamos de manifesto a lingua e a literatura e todas as que o longo do curso poidan plantexarse por parte do Departamento de Normalización Lingüística, biblioteca... para acadar os obxectivos propostos.

### 13.- AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN.

0= non se contempla 1= contéplase de forma parcial 2= ben 3= excelente	
<b>OBXECTIVOS</b>	
Inclúense os obxectivos xerais da área e coa numeración establecida na orde de currículo	
Quedan conectados cos criterios de avaliación (CE) e os seus indicadores, comprobando que todos os obxectivos serán abordados ao longo curso	
<b>COMPETENCIAS BÁSICAS</b>	
Especifícase o tratamento xeral que se lle vai a dar a cada competencia ao expor a contribución da área ao desenvolvemento das mesmas	
As competencias conéctanse cos criterios de avaliación e a súa concreción en indicadores, para poder ser avaliadas	
Preséntanse desde a área estratexias para a animación á lectura e o desenvolvemento da comprensión e expresión oral e escrita	
Consideración de medidas para incorporar o TIC, aos procesos de ensino e aprendizaxe	
<b>CONTIDOS</b>	
Secuenciación coherente	
Organización temporal dos contidos ao longo do curso, en unidades de traballo, temas ou proxectos.	
Presentación integrada dos contidos sen necesidade de diferenciar en conceptuais, procedimentais e actitudinais	
Vinculación dos contidos con situacións reais, significativas, funcionais ou motivantes para o alumnado	
<b>AVALIACIÓN</b>	
Inclúense a CE da área e coa numeración establecida na orde de currículo	
Concreción de indicadores de avaliación a partir da análise e desagregación da CE do	

currículo	
Concreción suficiente dos indicadores para ser observables ou medibles	
Relaciónanse procedementos e instrumentos de avaliación variados	
Concrétanse os criterios de cualificación achegando un valor ponderado orientativo aos diferentes instrumentos de avaliación	
Para cada un da CE indícanse os indicadores que se consideran como aprendizaxes mínimas para superalo	
Os indicadores que expresan os mínimos exixibles aparecen en diversas unidades, temas ou proxectos para garantir suficientemente a súa adquisición Información ás familias e ao alumnado da CE, procedementos e instrumentos de avaliación, criterios de cualificación e mínimos exixibles	
Actividades de apoio, reforzo e recuperación para atender á diversidade tendo en conta as aprendizaxes consideradas como mínimos	
Autorregulación da propia aprendizaxe: uso da autoevaluación e a coevaluación polo alumnado	
Considéranse procedementos para valorar e revisar a programación didáctica	
<b>METODOLOXÍA</b>	
Uso variado e coherente de diferentes métodos e estilos de ensino	
Estratexias para desenvolver procesos globalizados de ensino e aprendizaxe	
Consideración de metodoloxías que consideran o papel activo do alumno como factor decisivo da aprendizaxe	
Previsión de tarefas e propostas didácticas contextualizadas en situacións ou problemas significativos, funcionais e motivantes para o alumnado	
Metodoloxías de traballo cooperativo	
Importancia da investigación por parte do alumnado: metodoloxía de proxectos, descubrimento guiado, resolución de problemas da vida cotiá, webquest.	
Recursos didácticos, incluídos os materiais curriculares e libros de texto para o alumnado	
Organización flexible dos recursos espazo-temporais, agrupamentos e materiais	
<b>OUTROS ASPECTOS</b>	
Incorporación da forma de abordar os valores democráticos que establece o currículo	
Asociación temporal dos distintos valores democráticos coas unidades, temas ou proxectos nos que se van traballar	
Medidas de atención á diversidade e as adaptacións curriculares precisas	
Coordinación entre o profesorado que intervén co grupo de alumnos	
Coordinación do profesorado a nivel vertical	
Actividades extraescolares E complementarias	

#### **14.- MODIFICACIÓNS E PROPOSTAS DE MELLORA.**

As modificacións que consideremos oportunas serán levadas a cabo ao longo do curso e teranse en conta á hora de realizar a memoria final de curso.

As propostas de mellora estarán recollidas tamén na memoria final e teranse en conta á hora de realizar a seguinte programación de curso.